



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2022-23



2º ESO
4º ESO
2º Bach.
ESA

DEPARTAMENTO DE LINGUA
GALEGA E LITERATURA

IES Armando Cotarelo Valledor

1. Introducción e contextualización	2
2. Contextualización da programación	6
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave	7
4. Concreción dos obxectivos para cada curso	8
4.1. Etapa de Educación Secundaria Obrigatoria	8
4.2. Estudos de Bacharelato	15
5. Concreción para cada estándar avaliable de: temporización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave por estándar	18
5.1. Etapa ESO	18
5.2. Estudos de Bacharelato	73
5.3. Estudos de Educación Secundaria de Adultos (ESA)	89
6. Metodoloxía didáctica da materia de Lingua Galega e Literatura	116
7. Materiais e recursos didácticos	117
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	119
8.1. Etapa ESO	119
8.2. Etapa ESA (Educación Secundaria de Adultos)	120
8.3. Estudos de Bacharelato	121
9. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente	126
10. Plan de superación das materias pendentes de cursos anteriores	130
11. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	131
12. Medidas de atención á diversidade	132
13. Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso	135
14. Actividades complementarias e extraescolares	136
15. Actividades de contribución ao Proxecto Lector do centro	137
16. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora ..	140
ANEXOS	
I. Comentario de Textos (materia de libre configuración 1º Bach.)	142
II. Retórica e Dialéctica (materia de libre configuración 2º Bach.)	151

1. INTRODUCCIÓN

No presente curso 2022-23 continúa a implantación da LOMLOE (Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación), no que se refire ao currículo, organización e obxectivos dos cursos impares de ESO e Bacharelato. A elaboración e o seguimento da programación destes cursos (1º e 3º da ESO e 1º de Bacharelato) farase a través da aplicación Proens da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Neste documento aparece a programación do resto dos cursos (2º e 4º da ESO, ESA e 2º de Bacharelato), nos que aínda se manteñen vixentes o currículo, criterios etc. emanados da anterior lei (LOMCE).

Neste curso 2022-23, a distribución das materias no departamento é a seguinte:

- Lingua Galega e Literatura na ESO e no Bacharelato.
- Ámbito de Comunicación na ESA.
- Oratoria en 3º ESO.
- Comentario de Textos en 1º Bacharelato.
- Retórica e Dialéctica en 2º Bacharelato.

O Departamento de Lingua Galega e Literatura, no curso 2022-23, está composto polos seguintes membros: María Abelleira Fontán, Helena Domínguez García, Carme Iglesias Turnes, Francisco Lestón Villar, Paula Penedo García, Claudia Ríos García e Milagros Roca Santos..

A docencia adscrita ao Departamento de Lingua Galega e Literatura, co correspondente profesorado e cos grupos asignados, é a seguinte:

María Abelleira Fontán	<ul style="list-style-type: none">• Lingua Galega e Literatura 1º ESO A e 1º ESO B [6 h]• Titoría 1º ESO A [1 h]• Lingua Galega e Literatura 1º ESO D (apoio na aula) [3 h]• Reforzo educativo linguas 1º ESO A e 1º ESO B [2 h]• Retórica e Dialéctica 2º Bach. [6 h]
Helena Domínguez García	<ul style="list-style-type: none">• Lingua Galega e Literatura 4º ESO A, 4º ESO B, 4º ESO C, 4º ESO D e 4º ESO Agrup. [15 h]• Titoría 4º ESO C [1 h]• Comentario de textos 1º Bach. C e 1º Bach. D [2 h]

Carme Iglesias Turnes	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura 3º ESO A e 3º ESO B [6 h] • Lingua Galega e Literatura 1º Bach. A, 1º Bach. B, 1º Bach. C e 1º Bach. D [12 h] <p>‣ Encárgase tamén da coordinación do EDLG.</p>
Francisco Lestón Villar	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura 2º Bach. A, 2º Bach. B, 2º Bach. C e 2º Bach. D [12 h] • Lingua Galega e Literatura 1º ESO B e 1º ESO C (apoio na aula) [6 h] <p>‣ Encárgase tamén da xefatura do departamento.</p>
Paula Penedo García	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura 1º ESO C e 1º ESO D [6 h] • Lingua Galega e Literatura 1º ESO A (apoio na aula) [3 h] • Lingua Galega e Literatura 3º ESO C e 3º ESO D [6 h] • Oratoria 3º ESO [3 h]
Claudia Ríos García	<ul style="list-style-type: none"> • Ámbito de Comunicación ESA 3º-4º A e ESA 3º-4º B [10 h] • Titoría ESA 3º-4º A [1 h] • Lingua Galega e Literatura 1º Bach. Adultos [3 h] • Lingua Galega e Literatura 2º Bach. Adultos [3 h] • Comentario de textos 1º Bach. [1 h] • Apoio pendentes ESO [1 h]
Milagros Roca Santos	<ul style="list-style-type: none"> • Lingua Galega e Literatura 2º ESO A, 2º ESO B, 2º ESO C, 2º ESO D e 2º ESO E [15 h] • Reforzo educativo linguas 2º ESO A, 2º ESO B e 2º ESO C [3 h] • Titoría 2º ESO A [1 h]

2. CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de FP Fermín Bouza Brey, do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de Bacharelato que non tiñan cabida nos outros centros de ensinanza media da localidade.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Vilaxoán, Rubiáns e O Piñeiriño, aínda que tamén se acollen alumnos/as doutros centros da zona, nomeadamente de Arealonga.

O alumnado de Bacharelato provén maioritariamente do noso alumnado da ESO, aínda que cada ano tamén se incorporan alumnos/as dos outros centros de Vilagarcía ou de concellos limítrofes.

No presente curso 2022-23 incorpórase tamén ao noso centro o alumnado de ESO e Bacharelato do IES Fermín Bouza Brey, ao transformarse este nun CIFP.

O alumnado que opta pola oferta dos ciclos formativos procede tanto do propio concello como de concellos limítrofes e doutros máis afastados: Valga, Catoira, Caldas, Vilanova, Illa de Arousa, O Grove, Rianxo, A Estrada etc.

Situación socioeconómica e cultural do contorno

O centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia de Vilagarcía, a 2 km do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas desta zona son: pesca e marisqueo, agricultura, hostalería, conserva (actualmente en plena decadencia), acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras), comercio, actividades industriais e outras.

Atendendo aos resultados extraídos da última avaliación externa, o índice socioeconómico e cultural (ISEC) que lle corresponde ao centro é baixo.

Algúns problemas que non podemos obviar como centro de ensino son os seguintes:

- A elevada taxa de desemprego existente na comarca, así como o escaso tecido industrial.
- A valoración negativa que existe sobre a posibilidade de acceder ao mundo laboral en condicións minimamente dignas (o que, xunto coas poucas expectativas de continuar estudos superiores, é fonte dunha gran desmotivación).
- O escaso hábito de estudo e mesmo de lectura do noso alumnado.
- Respecto da lingua, cómpre dicir que o alumnado, maioritariamente, se expresa en castelán.

3. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A incorporación das competencias clave ao currículo introduce dous novos enfoques: por unha banda permítenos identificar as aprendizaxes imprescindibles para o alumnado e por outra banda achega unha visión integradora do proceso de aprendizaxe. Isto quere dicir que, aínda que as áreas e materias son as que ofrecen os contidos concretos diferenciados, a aprendizaxe deberá facerse desde unha perspectiva integradora e de colaboración.

COMPETENCIAS CLAVE	Actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave
<p>A área de Lingua Galega e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a Comunicación lingüística (CCL) que se exercita de maneira explícita no propio ámbito curricular; polo tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comprender o sentido dos textos escritos e orais. • Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia. • Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor... • Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.
<p>Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da competencia comunicativa, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita con outras competencias clave:</p>	
<p>Competencia para aprender a aprender (CAA).</p> <p>A lingua é un instrumento de comunicación, pero tamén é un instrumento de acceso a novos coñecementos. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia. Esta competencia debe desenvolverse a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe.</p> <p>Sinalar que no desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección como unha maneira de aprender. Especialmente á hora de expresarnos oralmente.</p>	<p>As seguintes actividades contribúen a desenvolver esta competencia para estruturar o pensamento e o control da aprendizaxe e para valorar a correcta expresión oral e escrita, así como a lectura, como fonte de enriquecemento persoal:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva. • Conversación reflexiva. • Composición de resumos e de esquemas que organicen as ideas. • Interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios. • Exposicións e conclusións sobre tarefas académicas. • Interese pola autocorrección. • Capacidade de autoavaliación e coavaliación.

<p>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)</p> <p>A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. Indicar que dentro do currículo da materia préstase atención á iniciativa persoal e á propia autonomía do alumno/a, así como á súa capacidade para traballar en equipo, a través da investigación arredor de temas dados e a creación de novos contidos partindo dos datos obtidos nesa investigación, realizando ao finalizar o proceso unha posta en común na aula.</p>	<p>Actividades para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas, a localizar a información e a fomentar a autoestima lingüística:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Obradoiros de escrita. • Lectura dramatizada de obras literarias. • Uso dos medios de comunicación social (lectura do xornal). • Uso das TIC. • Uso da biblioteca.
<p>Competencia dixital (CD)</p> <p>A área de Lingua Galega e Literatura debe contribuír á exercitación da competencia dixital, tan relevante e necesaria no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que preparar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un pilar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Uso de dicionarios dixitais. • Uso de correctores ortográficos. • Uso de enciclopedias virtuais. • Uso de xornais dixitais. • Produción de textos propios tras a selección, análise crítica, esquematización e síntese da información.
<p>Competencias sociais e cívicas (CSC)</p> <p>Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese traballar en Lingua Galega e Literatura esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área e a importancia da crítica textual fan fundamental o traballo desta competencia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Comentario crítico de distintos tipos de textos (especialmente xornalísticos ou procedentes dos medios de comunicación, orais ou escritos). • Exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís, avaliable a través da observación directa do comportamento cotián do alumno/a. • Capacidade de diálogo. • Conversas reflexivas, charlas literarias, debates, así como a asunción das normas de convivencia na aula que levan aparelladas o respecto pola quenda de palabra como mostra de civismo e respecto polo outro.

<p>Conciencia e expresións culturais (CCEC)</p> <p>Na nosa materia, a lectura e a valoración das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano. Esta competencia sairá reforzada de se relacionaren as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cine...</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Visita a museos. • Participación en concertos. • Asistencia a representacións teatrais. • Proxeccións de filmes e documentais. • Realización de rutas literarias. • Saídas didácticas para a aprendizaxe en contextos informais. • Lectura na aula de textos literarios.
<p>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)</p> <p>A lingua non se aprende só para falar sobre a lingua, senón para expresar o que sabemos ou o que pensamos en relación con calquera asunto. É imprescindible a lingua para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que aparecen nos xornais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura de mapas. • Comentario de gráficas. • Interpretación de estatísticas. • Dentro do currículo da materia inclúense todas estas tarefas relacionadas ou vinculadas aos contidos de sociolingüística e historia da lingua.

4. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

4.1. ETAPA DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia fala no seu Título I da educación secundaria obrigatoria, e no seu Capítulo I («Principios e obxectivos») establece, no artigo 10, os obxectivos da educación secundaria obrigatoria.

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG Nº 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	a) Comezar a asumir responsabelmente os seus deberes, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade... exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural.	a) Asumir responsabelmente os seus deberes, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade... exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural.	a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	a) Asumir responsabelmente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)				
CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA				
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal</p>	<p>b) Empezar a desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo...</p>	<p>b) Desenvolver hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo...</p>	<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo...</p>	<p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal</p>
<p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>	<p>c) Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>	<p>c) Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>	<p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>	<p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.</p>

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)		CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA			
		1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>	<p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.</p>	
<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>	<p>e) Empezar a desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información.</p>	<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías a información e da comunicación.</p>	<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>	<p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p>	
<p>f) Conibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>	<p>f) Descubrir o coñecemento científico.</p>	<p>f) Comprender o coñecemento científico.</p>	<p>f) Conibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias...</p>	<p>f) Conibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p>	

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N.º 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>g) Empezar a desenvolver a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>g) Desenvolver a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>	<p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p>
<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>	<p>h) Comprender e expresar dun xeito adecuado para o seu nivel educativo, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes de distintos tipos, e iniciarse no coñecemento da literatura.</p>	<p>h) Comprender e expresar dun xeito adecuado para o seu nivel educativo, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes de distintos tipos, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.</p>	<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>	<p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.</p>
<p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>	<p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>	<p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>	<p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>	<p>i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.</p>

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
I) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	I) Empezar a coñecer e valorar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	I) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	I) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.	I) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)		CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA			
		1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<p>m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p> <p>Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</p>	<p>m) Empezar a coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, desenvolver hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p> <p>Empezar a coñecer a dimensión humana da sexualidade e a súa diversidade. Apreciar os hábitos sociais relacionados coa saúde, co coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.</p>	<p>m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, desenvolver hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p> <p>Iniciarse no coñecemento da dimensión humana da sexualidade ea súa diversidade. Apreciar os hábitos sociais relacionados coa saúde, co coidado dos seres vivos e o ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.</p>	<p>m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p> <p>Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</p>	<p>m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p> <p>Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.</p>	
<p>n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.</p>	<p>n) Empezar a comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.</p>	<p>n) Empezar a comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas.</p>	<p>n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.</p>	<p>n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.</p>	

OBXECTIVOS XERAIS DA ESO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA			
	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO
<p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>	<p>ñ) Empezar a coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>	<p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>	<p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>	<p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p>
<p>o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>	<p>o) Empezar a coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>	<p>o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>	<p>o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>	<p>o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.</p>

4.2.- ESTUDOS DE BACHARELATO

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 120; Luns, 29 de xuño de 2015) fixa no seu artigo 26 os obxectivos do bacharelato (1º e 2º curso) que contribuirán a desenvolver nos alumnos/as as capacidades que lles permitan:

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS ESTUDOS DE BACHARELATO PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	
	1º de Bacharelato	2º de Bacharelato
<p>a. - Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</p>	<p>a.-Comezar a exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e avanzar no proceso de adquisición dunha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</p>	<p>a. -Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.</p>
<p>b. - Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>	<p>b. - Avanzar cara a consolidación dunha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma cada vez máis responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Procurar prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>	<p>b. -. Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.</p>
<p>c. - Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p>c. - Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, avanzar na análise crítica das desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>	<p>c.-Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.</p>

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS ESTUDOS DE BACHARELATO PARA CADA CURSO	
	1º de Bacharelato	2º de Bacharelato
d.- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	d.- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	d.- Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
e.- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.	e.- Avanzar no dominio, tanto na súa expresión oral como na escrita, da lingua galega e da lingua castelá.	e.- Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
f.- Expressarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	f.- Lograr para a expresión maior fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.	f.- Expressarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
g.- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.	g.- Mellorar o uso responsable das tecnoloxías da información e da comunicación.	g.- Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
h.- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	h.- Coñecer cada vez mellor e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar cada vez máis de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.	h.- Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
i.- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.	i.- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e procurar o dominio das habilidades básicas propias da modalidade elixida.	i.- Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

OBXECTIVOS XERAIS DO BACHARELATO DECRETO 86/2015, artigo 10. DOG N° 120 (29-06-2015)	CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS XERAIS DOS ESTUDOS DE BACHARELATO PARA CADA CURSO DA MATERIA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA	
	1º de Bacharelato	2º de Bacharelato
<p>l.- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</p>	<p>l.- Mellorar a comprensión dos elementos e dos procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Avanzar no coñecemento da contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida e valoralo de forma crítica; así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</p>	<p>l.- Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.</p>
<p>m.- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</p>	<p>m.- Avanzar no afianzamento do espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</p>	<p>m.- Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.</p>
<p>n.- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>	<p>n.- Desenvolver cada vez máis a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>	<p>n.- Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.</p>
<p>ñ.- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.</p>	<p>ñ.- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e camiñar no impulso de condutas e hábitos saudables.</p>	<p>ñ.- Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.</p>
<p>o.- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.</p>	<p>o.- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.</p>	<p>o.- Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.</p>
<p>p.- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.</p>	<p>p.- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.</p>	<p>p.- Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.</p>

5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR AVALLABLE DE: TEMPORIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALLACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE POR ESTÁNDAR

5.1.- ETAPA ESO: 2º CURSO DE ESO

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALLABLE DE TEMPORIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN....									
CURSO:		2º Curso da ESO			ÁREA		Lingua galega e literatura (LGL) 590053		
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Temporización			Grao mínimo de consecución para superar a materia Indicador mínimo de logro	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	C.C.	
		T 1	T 2	T 3					
Bloque 1. Comunicación oral. Escouitar e falar									
LG-B1.1	LG-B1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais).		X	X	Comprende e identifica con certa suficiencia textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais.	Observación sistemática.	Escala de observación.	CCL CAA	
	LG-B1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos.	X	X	X	A partir dun texto oral dos medios de comunicación, resume a súa idea principal e as secundarias.	Análise das producións dos alumnos/as.	Resumo.	CCL CAA	
LG-B1.2	LG-B1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.	X	X	X	Identifica as informacións relevantes de textos orais do ámbito social e educativo.	Observación sistemática.	Posta en común. Resumo.	CCL CAA	
	LG-B1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.	X	X	X	Segue, con certa autonomía, instrucións básicas para realizar as tarefas de aprendizaxe.	Observación sistemática.	Escala de observación ou rúbrica	CAA	

CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALLABLE DE TEMPORIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN.....

CURSO:		2º Curso da ESO			ÁREA		Lingua galega e literatura (LGL) 590053	
Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Temporización			Grao mínimo de consecución para superar a materia Indicador mínimo de logro	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	C. C.
		T 1	T 2	T 3				
LG-B1.3	<p>LG B1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e reconece e rexeita a linguaxe discriminatoria).</p>	X	X	X	Interactúa con respecto na aula.	Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.	Escala de observación ou rúbrica	CSC CCL
	<p>B3.4. Recoñecemento e identificación das categorías gramaticais.</p>	<p>B3.4. Aplicar os coñecementos sobre as distintas categorías gramaticais na elaboración de textos escritos e orais.</p>	<p>B3.4.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.</p> <p>B3.4.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.</p>	<p>CCL CAA</p>
	<p>B3.5. Recoñecemento da estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais.</p>	<p>B3.5. Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.</p>	<p>B3.5.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.</p>	
	<p>B3.6. Coñecemento, tipoloxía e caracterización dos determinantes.</p>	<p>B3.6. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos determinantes, explicando os seus usos e valores nos textos.</p>	<p>B3.6.1. Identifica e explica os usos e valores dos determinantes, relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.</p>	
<p>e f g</p>	<p>B3.7. Coñecemento, caracterización e tipoloxía dos pronomes.</p>	<p>B3.7. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes e explicar os seus usos e valores nos textos.</p>	<p>B3.7.1. Identifica e explica os usos e valores dos pronomes e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.</p>	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
	B3.8. Coñecemento, caracterización e tipoloxía do adverbio e das locucións adverbiais.	B3.8. Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical do adverbio e explicar os seus usos e valores nos textos.	B3.8.1. Identifica e explica os usos e valores dos adverbios e das locucións adverbiais e relaciona a súa presenza coa intención comunicativa e a tipoloxía textual, así como con outros compoñentes.	
	B3.9. Recoñecemento, observación, uso e explicación dos diferentes conectores textuais.	B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.	B3.9.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.	
	B3.10. Reflexión e explicación das relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	B3.10. Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.	B3.10.1. Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia. B3.10.2. Emprega un vocabulario amplo e preciso utilizando os recursos proporcionados pola sinonimia.	CCL
Bloque 4: Lingua e sociedade				
e g m n	B4.1. A orixe e formación da lingua galega.	B4.1. Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	B4.1.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.	CCL
	B4.2. Etapas da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916 e análise e comprensión das	B4.2 Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua	B4.2.1. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
e g i m n	causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.	galega desde os seus inicios ata 1916.	B4.2.2. Identifica as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	
			B4.2.3. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das tecnoloxías da información e da comunicación, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	CCL CSC CD
			B4.3.1. Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos.	CCL
b c d f g m n	B4.3. Situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.3. Coñecer e describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.	B4.3.2. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos.	CSC
B4.4. Prexuízos lingüísticos.	B4.4 Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	B4.4.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno.		
Bloque 5: Educación literaria				
e g	B5.1. Identificación e comprensión das distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	B5.1. Identificar e comprender as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	B5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
mn			B5.1.2. Sinala os principais trazos característicos dos distintos períodos das literaturas galega e castelá desde a Idade Media ata o século XX.	
adeghinimn	B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.2. Seleccionar, ler e comentar de xeito autónomo textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	B5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX para a súa lectura.	
			B5.2.2. Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente.	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
d e s h m n	B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, realizar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.2.3. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos definitorios e ponos en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	CCL
a b e i m	B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo, nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.	
a	B5.5. Consulta de fontes de información e familiarización coas tecnoloxías da información e da	B5.5. Consultar fontes de información e familiarizarse cos recursos das tecnoloxías da información e da	B5.5.1. Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	

Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
eficiencia	comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas.	comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas.	B5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.	CCL CD
			B5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	CCL CCEC
a comprensión	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	B5.6. Crear ou recrear textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.	

6.3.2.- ÁMBITO DA COMUNICACIÓN. MÓDULO 4

Obxectivos	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
Bloque 1: Comunicación oral. escoitar e falar				
dehesha	B1.1. Comprensión e interpretación de textos propios dos medios de comunicación: a información e a opinión.	B1.1. Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación.	B1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e reconece a intención comunicativa do falante.	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
h o	B1.4. Producción de discursos orais, en intervencións espontáneas e planificadas con apoio das tecnoloxía da información e da comunicación, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	B1.4.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.	CCL CSC
b h	B1.5. Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.	B1.5. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer en exposicións orais propias e alleas as dificultades expresivas.	B1.5.1. Recoñece erros (incoherencias, repeticións, ambigüidades, pobreza léxica, erros de fonética e entoación inadecuada) nos discursos propios e alleos para evitalos nas súas producións.	CCL CCA
h o	B1.6. Valoración da lingua oral como un instrumento de aprendizaxe e de relación social.	B1.6. Valorar a lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe e nas relacións sociais.	B1.6.1. Identifica e describe os valores da lingua oral como un instrumento útil na aprendizaxe, así como para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCA CSIEE
Bloque 2: Comunicación escrita. Ler e escribir				
b f h	B2.1. Uso de técnicas e estratexias que facilitan a lectura comprensiva e crítica de textos.	B2.1. Empregar estratexias e técnicas que faciliten a lectura comprensiva e crítica dos textos.	B2.1.1. Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).	CCL CCA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
			<p>B2.1.2. Aplica os coñecementos lingüísticos propios (gramaticais e léxicos) e recursos alleos (dicionarios e outras fontes de documentación) para solucionar problemas de comprensión.</p> <p>B2.1.3. Elabora o esquema xerarquizado de ideas dun texto.</p> <p>B2.1.4. Deduce información global do texto a partir de contidos explícitos e implícitos.</p>	CCL
d e h d	B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	B2.2. Comprender e interpretar textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo, xurídico e comercial.	<p>B2.2.1. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas de escritos propios da vida cotiá relacionados co ámbito laboral, administrativo e comercial.</p> <p>B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.</p>	CCL CAA
			<p>B2.2.2. Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.</p>	CCL CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
	B2.3. Comprensión e interpretación de textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.	B2.3. Comprender e interpretar textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados na internet.	B2.3.1. Comprende textos relacionados co ámbito educativo, tanto materiais de consulta (dicionarios, glosarios, enciclopedias etc.), como libros de texto e recursos de temas especializados en internet. B2.3.2. Interpreta a información de mapas, gráficas, diagramas.	CCL CD CCL
	B2.4. Comprensión e interpretación de textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4. Comprende e interpreta textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.	B2.4.1. Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión. B2.4.2. Valora a intención comunicativa dun texto xornalístico e distingue entre información, opinión e persuasión.	CCL CSC
	B2.5. Comprensión e interpretación das mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.	B2.5.1. Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). B2.5.2. Reflexiona e ten unha postura crítica ante as mensaxes persuasivas que proveñen dos medios de comunicación.	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
c	B2.6. Lectura crítica e reflexiva que permita identificar usos lingüísticos	B2.6. Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes	B2.6.1. Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes	CCL
d	discriminatorios.	discriminatorias.	discriminatorias.	CSC
h			B2.6.2. Detecta prexuízos e mensaxes discriminatorias implícitas nos textos de medios de comunicación con especial atención á publicidade.	
b	B2.7. Uso de técnicas e estratexias	B2.7. Empregar estratexias e técnicas	B2.7.1. Utiliza distintas técnicas de planificación para organizar o seu discurso	CCL
f	para producir textos escritos	axeitadas para producir escritos	(diferentes tipos de esquemas e mapas conceptuais).	
h	adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).	B2.7.2. Utiliza o rexistro adecuado en función da tipoloxía textual e do acto comunicativo.	
			B2.7.3. Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.	
			B2.7.4. Coñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.	CCL CD

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
			B2.7.5. Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.	CCL
b e h	B2.8. Producción, en soporte impreso ou dixital, de textos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, xurídico, administrativo e comercial.	B2.8. Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos tanto en formato papel como dixital: laborais, xurídico, administrativos e comerciais.	B2.8.1. Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos: currículo, carta de presentación, solicitude ou instancia, carta de reclamación.	CCL CD CSC
	B2.9. Producción, en soporte impreso ou dixital, de cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9. Producir, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	B2.9.1. Crea, en soporte impreso ou dixital, cartas á dirección e columnas de opinión.	
d h	B2.10. Valoración da escritura como un instrumento de aprendizaxe, de relación social e enriquecemento persoal.	B2.10. Valorar a escritura como un instrumento moi útil na aprendizaxe, nas relacións sociais e no desenvolvemento do individuo.	B2.10.1. Identifica e describe os valores da escritura non só como una ferramenta para organizar os pensamentos senón tamén como un instrumento para relacionarse cos demais e enriquecerse como persoa.	CCL CSC CCEC
Bloque 3: Funcionamento da lingua				

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
b e l	B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático.	B3.1. Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.	B3.1.1. Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.	CCL CAA
			B3.1.2. Recoñece, explica e usa fraseoloxía diversa da lingua galega nas súas producións orais e escritas.	
b e i	B3.2. Recoñecemento, explicación e uso dos procedementos de creación de palabras.	B3.2. Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.	B3.2.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	
			B3.2.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación léxica.	
			B3.2.3. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.	CCL
			B3.2.4. Identifica a procedencia grega ou latina de prefixos e sufixos habituais no uso da lingua galega.	
a d e	B3.3. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles interferencias (apertura das vogais de grao medio, o n velar ou a entoación).	B3.3. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega.	B3.3.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega, con especial atención á entoación, ás vogais de grao medio e ao fonema /n/ velar.	CCL CAA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
b	B3.4. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4. Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.	B3.4.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.	CCL
e	B3.5. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica.	B3.5. Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	B3.5.1. Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.	CCL
b	B3.6. As principais regras de combinación impostas polos predicados en función dos seus argumentos; estruturas sintácticas e tipos de oración segundo a natureza do predicado.	B3.6. Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbo.	B3.6.1. Recoñece enunciados e identifica a palabra nuclear que o organiza sintáctica e semanticamente. B3.6.2. Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. B3.6.3. Respecta a orde correcta dos elementos da estrutura sintáctica.	CCL CAA
e			B3.6.4. Clasifica oracións segundo a natureza do predicado. B3.6.5. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
e h	B3.7. Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e conclusión, e mais dos mecanismos de cohesión textual.	B3.7. Recoñecer, explicar e usar os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	B3.7.1. Recoñece, explica e usa os nexos textuais de causa, consecuencia, condición, hipótese e conclusión, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna.	CCL CAA
e	B3.8. Identificación da estrutura dun texto, a construción dos parágrafos e o vínculo e progresión temáticos en textos alleos e propios, e elaboración de textos de acordo con estes parámetros.	B3.8. Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, o vínculo e progresión temáticos, e elabora textos de acordo con estes parámetros.	B3.8.1. Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas. B3.8.2. Xustifica con argumentos a división en parágrafos de textos propios e alleos. B3.8.3. Identifica a progresión temática en textos propios e alleos. B3.8.4. Elaborar textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.	CCL CAA CCL
b e	B3.9. Adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do tipo de texto.	B3.9. Xustifica a adecuación dos textos en función do contexto, do tema e do xénero e elabora producións propias cunha adecuación apropiada.	B3.9.1. Xustifica a adecuación das producións en función do contexto, do tema e do xénero textual. B3.9.2. Elaborar producións lingüísticas cunha adecuación apropiada ao contexto, ao tema e ao xénero textual.	CCL CAA CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
b e h	B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais.	B3.10.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CCL CAA
b e	B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.	B3.11. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.	B3.11.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	CCL CAA
Bloque 4: Lingua e sociedade				
m n	B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo.	B4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo, e argumenta fundamentadamente e cun discurso propio a súa postura.	CCL CCEC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
	B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	B4.2. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.	B4.2.1. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.	CCL
	B4.3. A lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	B4.3. Coñecer e describir o papel da lusofonía nas linguas do mundo no século XXI.	B4.3.1. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e sabe describir a súa importancia dentro das linguas do mundo no século XXI.	CCL CSC
	B4.4. Situación sociolingüística de Galicia. A presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.	B4.4. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.	B4.4.1. Coñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística. B4.4.2. Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.	
	B4.5. Proceso de normalización. Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación da lingua galega. Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega.	B4.5. Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.	B4.5.1. Identifica os procedementos de normalización. B4.5.2. Distingue normativización e normalización. B4.5.3. Coñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.	CCL CCL CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
	B4.6. Evolución da lingua galega e etapas da historia social da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.	B4.6. Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.	B4.6.1. Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade. B4.6.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde 1916.	CCL CCEC
	B4.7. Prexuízos lingüísticos.	B4.7. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.	B4.7.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. B4.7.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos con argumentos.	CCL CSC
	B4.8. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter	B4.8. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Recoñecer interferencias habituais.	B4.8.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. B4.8.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega. B4.8.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. Recoñece interferencias habituais entre as dúas linguas oficiais.	CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
	<p>formal. Reconecemento das interferencias máis habituais.</p>		<p>B4.8.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica.</p> <p>B4.8.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.</p>	
Bloque 5: Educación literaria				
h	B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	CCL
j	B5.2. Lectura autónoma e comentario pautado de obras representativas das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.	B5.2. Ler e comentar de xeito autónomo obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.	B5.2.1. Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
			<p>B5.2.2. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI, sinala os seus trazos característicos definitorios e relacións co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.</p>	
	<p>B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.</p>	<p>B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, escoitar audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.</p>	<p>B5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.</p> <p>B5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos das literaturas en galego e en español do século XX e XXI.</p>	
<p>b h j</p>	<p>B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos cales se describan e analicen textos literarios representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.</p>	<p>B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.</p>	<p>B5.4.1. Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.</p>	

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.C.
e h j	B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	B5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.	
			B5.5.2. Emprego de diferentes recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destes.	CCL CD
h l n	B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos.	B5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.	CCL CCEC
			B5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	CCL CCEC

A sociedade actual, na que se insire o noso alumnado, require das súas cidadás e dos seus cidadáns a capacidade de enfrontarse a unha gran cantidade de información. Por este motivo o seu tratamento é un dos obxectivos do sistema educativo. Este reto concrétese na necesidade de integrar o manexo de diversos soportes e fontes, utilizando tanto medios audiovisuais coma informáticos, enfrontando o alumnado coa tarefa de busca, selección, análise e interpretación da información, así como no desenvolvemento da capacidade crítica con respecto a ela. A biblioteca do centro móstrase así como un recurso cun alto valor dentro da comunidade educativa que deberemos ter en conta á hora de programar as nosas actividades docentes.

Débese ter en conta igualmente a necesidade de traballar coas catro destrezas básicas dun xeito integrado, ben que é aconsellábel nesta etapa darlles prioridade a aquelas que se detecten como as máis deficitarias para o noso alumnado dependendo do contexto.

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional.

Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua Galega e Literatura, propóñense as seguintes orientacións metodolóxicas, entendendo que se aplicarán as que o profesorado considere adecuadas en cada caso:

- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua, que faga do texto a unidade comunicativa fundamental e que favoreza o emprego do idioma en distintas funcións e contextos de uso. Por tanto, as habilidades e estratexias lingüísticas deben ser obxecto de especial atención sen por iso desdeñar a reflexión e o coñecemento do código lingüístico.
- Proporcionarlle ao alumnado unhas bases teóricas sólidas para o coñecemento e a reflexión do código lingüístico e de calquera outro aspecto do temario.
- Proporcionar e traballar con textos de distinta natureza, especialmente expositivos e argumentativos.
- Promover a utilización da diversidade de fontes e recursos para a obtención da información. A busca guiada desta tanto na biblioteca coma na internet ou noutros medios, así como a composición de textos utilizando distintos soportes.
- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Lectura, interpretación e valoración de obras literarias.
- Creación de dinámicas que impliquen o alumnado e o leven á participación na planificación e avaliación das súas actividades.
- Ofrecer actividades abertas que impliquen a busca, selección e tratamento da información, a posibilidade de tomar decisións e emitir opinións sobre diferentes cuestións de forma crítica.

Ademais das explicacións pertinentes do profesorado dirixidas á clase como presentación do tema que se trate nese momento, ás que os alumnos e alumnas deberán prestar atención, precísanse doutros métodos de traballo que son igualmente interesantes para avanzar con éxito no proceso de ensino/aprendizaxe.

Neste proceso é necesario a **formación individual e o traballo reflexivo** de procedementos básicos da materia: a comprensión oral e lectora, a expresión oral e escrita e a argumentación que son, obviamente, extrapolables a outras áreas e contextos de aprendizaxe.

Algúns aspectos da área, fundamentalmente naquelas que perseguen as habilidades de comunicación entre iguais e o desenvolvemento da expresión e comprensión oral, o **traballo en grupo colaborativo** achega, ademais do adestramento de habilidades sociais básicas e o enriquecemento persoal desde a diversidade, unha plataforma inmellorable para adestrar a competencia comunicativa.

Desde o coñecemento da diversidade da aula e en resposta ás múltiples intelixencias predominantes no alumnado, o desenvolvemento de actividades desde a atención ás intelixencias múltiples facilita que todos os alumnos e as alumnas poidan chegar a comprender os contidos que pretendemos que se adquiran para o desenvolvemento dos obxectivos de aprendizaxe.

Na área de Lingua Galega e Literatura é indispensable a vinculación a contextos reais e a aplicación dos conceptos máis abstractos para mellorar o desenvolvemento lingüístico do alumno. Para iso, as tarefas competenciais propostas facilitarán este aspecto e permitirán a contextualización de aprendizaxes en situacións cotiás e próximas ao alumnado.

Concretar as indicacións metodolóxicas establecidas no currículo para o nivel e áreas/materias. Debe terse en conta que o currículo establece claramente como debe ser a metodoloxía a empregar nas aulas, polo que neste apartado do que se trata é de establecer como se «aplicarán» na aula, de forma práctica, estes principios metodolóxicos de obrigado cumprimento.

7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais do caderno do alumnado e das fotocopias proporcionadas polo profesor/a, contamos con libros de texto que se detallan deseguido.

7.1. ESO

ESO	
2º ESO	<i>Lingua galega e literatura 2</i> , Xerais, 2016 [ISBN: 9788491210238]
4º ESO	<i>Lingua galega e literatura 4</i> , Xerais, 2016 [ISBN: 9788491210245]

Ademais do libro de texto para o alumnado, dispoñemos doutros recursos e materiais proporcionados polas editoriais:

- Os recursos da «Proposta didáctica», que recollen lecturas complementarias, fichas de traballo de reforzo e de ampliación, material para o desenvolvemento das competencias...
- Os libros dixitais das editoriais Xerais e Baía.
- Os cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Dicionarios, dispoñibles en cada aula.
- Unha selección de diferentes lecturas por nivel.
- Aula virtual do centro.

7.2. ESA

- Unidades didácticas de educación secundaria para persoas adultas (Ámbito Comunicación), da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, dispoñibles no seguinte enderezo web:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204>

- Lecturas complementarias, fichas de traballo de reforzo e de ampliación, material para o desenvolvemento das competencias...
- Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.
- Dicionarios, dispoñibles en cada aula en formato papel, ou en formato dixital.
- Unha selección de diferentes lecturas por nivel.
- Aula virtual do centro.

7.3. BACHARELATO

2º Bach.	<i>Lingua e literatura 2º Bacharelato</i> , Baía Edicións, 2016 [ISBN: 9788499951973]
----------	---

Traballarase tamén con material proporcionado polo profesorado, que estará dispoñible para ver ou descargar no correspondente curso da aula virtual do centro.

Igual que na ESO, botarase man doutros recursos e materiais proporcionados polas editoriais e de enlaces a recursos web.

8. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Co fin de garantir o dereito que asiste aos alumnos/as a que a súa dedicación, esforzo e rendemento sexan valorados e recoñecidos con obxectividade, os profesores/as informaranos do que se vai estudar, de que e cando se vai avaliar e de como se vai cualificar.

Empregaranse como instrumentos de avaliación:

- Observación sistemática:
 - Actividades realizadas, tanto na aula como na casa, que permitan avaliar o traballo do alumno/a.
 - Intervencións do alumnado na clase.
 - Observación dos hábitos de traballo e das estratexias de estudo no manexo do material didáctico.
- Traballos monográficos ou interdisciplinares individuais e grupais.
- Probas escritas ou orais que permitan a comprobación do grao de adquisición dos estándares de aprendizaxe.

8.1. ESTUDOS DE ESO

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º E 4º ESO

Probas escritas	70 %	Farase, como mínimo, unha proba escrita en cada avaliación sobre os contidos de lingua e literatura.
Oralidade	10 %	Realizarase unha exposición oral en cada avaliación, sobre algún tema do currículo ou sobre outros temas propostos polo profesor/a.
Lecturas	10 %	O alumnado debe ler unha obra literaria en cada avaliación, que será avaliada mediante un control de lectura (escrito ou oral) ou un traballo proposto. Estas probas valorarán a comprensión da obra e a expresión escrita ou oral á hora de comentala. [Co fin de fomentar a lectura, poderanse facer lecturas voluntarias, que serán valoradas positivamente: outorgarase ata 0'50 puntos por lectura, permitíndose ata un máximo de 1 punto en cada avaliación.]
Traballo diario	10 %	Valorarase o traballo e a participación do alumno/a; a atención ás explicacións; a realización adecuada das tarefas encomendadas...

Cualificación trimestral, recuperación e avaliación final na ESO

- A nota de cada unha das tres avaliacións será a suma de todas as porcentaxes anteriores. Para obter o aprobado, o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 puntos.
- No caso de que un alumno/a non consiga aprobar, poderá facer unha proba de recuperación despois de cada avaliación.
- A cualificación na **avaliación final** de xuño obterase da media das tres avaliacións (tendo en conta a nota real de cada avaliación e non a ponderada), e considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos. Para o cálculo desta nota final, terase en conta de maneira positiva a progresión do alumno/a ao longo do curso.

Consideracións relativas á corrección lingüística na ESO

Nas probas escritas poderá descontarse ata un 10% da cualificación da devandita proba por erros ortográficos e gramaticais. Descontarase 0,1 punto por cada erro.

- Considéranse erros ortográficos e gramaticais os seguintes: uso de tempos verbais compostos, mala colocación do pronome persoal átono, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*) , acentuación diacrítica e non-diacrítica, solucións alleas ao estándar vixente etc.

8.2.- ESTUDOS DE ESA (Educación Secundaria de Adultos)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN NA ESA

Probas escritas	60 %	En cada módulo faranse, como mínimo, dúas probas escritas (estas probas poderán fragmentarse en diferentes exames parciais). Este 60% da cualificación obtérase da media aritmética das notas das distintas probas.
Oralidade	10 %	Proba oral específica sobre algún tema proposto. Poderá facerse na aula de xeito presencial ou mediante a gravación e entrega dun arquivo de audio ou vídeo.
Lectura	20 %	O alumnado deberá facer dúas lecturas obrigatorias en cada módulo, unha en galego e outra en castelán, que serán avaliadas mediante un control de lectura (escrito ou oral) ou un traballo proposto. Estas probas valorarán a comprensión da obra e a expresión escrita ou oral á hora de comentala. Cada lectura puntúa ata un máximo de 1 punto. [Co fin de fomentar a lectura, poderanse facer lecturas voluntarias, que serán valoradas positivamente: outorgarase ata un máximo de 0'50 puntos por lectura, permitíndose ata un máximo de 1 punto en cada avaliación.]
Traballo diario	10 %	Valorarase o traballo e a participación do alumno/a, a realización adecuada das tarefas encomendadas...

Cualificación, avaliación final e extraordinaria na ESA

- A nota da avaliación será a suma de todas as porcentaxes anteriores. Para obter o aprobado, o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 puntos.
- No caso de que un alumno/a non consiga aprobar, no 3º módulo poderá presentarse a un exame de **avaliación final** de recuperación de toda a materia no mes de febreiro. No 4º módulo, o exame final de recuperación será en xuño.
- Na **avaliación final extraordinaria**, que se realizará a finais de xuño, realizarase unha única proba escrita sobre os contidos traballados durante o curso. Esta proba apróbase tamén cun mínimo de 5 puntos.

Consideracións relativas á corrección lingüística na ESA

Nas probas escritas poderá descontarse ata un 10% da cualificación da devandita proba por erros ortográficos e gramaticais. Descontarase 0,1 punto por cada erro.

- Considéranse erros ortográficos e gramaticais os seguintes: uso de tempos verbais compostos, mala colocación do pronome persoal átono, solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y...*) , acentuación diacrítica e non-diacrítica, solucións alleas ao estándar vixente etc.

8.3.- ESTUDOS DE BACHARELATO

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º BACHARELATO

Probas escritas	80 %	Farase, como mínimo, unha proba escrita en cada avaliación sobre os contidos de lingua e literatura.
Oralidade	10 %	O alumnado realizará unha proba oral específica, onde se poderá pedir o desenvolvemento dun tema do currículo con rigor, claridade e corrección gramatical e fonética.
Lecturas	10 %	O alumnado debe ler unha obra literaria en cada avaliación, que será avaliada mediante un control de lectura (escrito ou oral) ou un traballo proposto. Estas probas valorarán a comprensión da obra e a expresión escrita ou oral á hora de comentala.

Cualificación trimestral, recuperación e avaliación final e extraordinaria en Bacharelato

- A nota de cada unha das tres avaliacións será a suma de todas as porcentaxes anteriores. Para obter o aprobado, o alumno/a deberá acadar un mínimo de 5 puntos.
- No caso de que un alumno/a non consiga aprobar, poderá facer unha proba de recuperación despois de cada avaliación.
- A cualificación na **avaliación final** obtense da media das tres avaliacións (tendo en conta a nota real de cada avaliación e non a ponderada), e considérase aprobada se o alumno/a consegue un mínimo de 5 puntos. Para o cálculo desta nota final, terase en conta de maneira positiva a progresión do alumno/a ao longo do curso.

No caso de que un alumno/a non conseguise chegar á nota media de 5 despois de realizar as tres avaliacións parciais, poderá presentarse á **convocatoria extraordinaria**, que consistirá nunha única proba escrita sobre os contidos traballados durante o curso. Esta proba apróbase tamén cun mínimo de 5 puntos.

- O período comprendido entre a avaliación final ordinaria e o remate do período lectivo dedicarase a actividades de apoio, reforzo e recuperación, e terán como obxectivo a preparación da proba extraordinaria para o alumnado que aínda non conseguise aprobar. No caso do alumnado de 2º Bacharelato que xa teña o curso aprobado, este período dedicarase á preparación das probas de acceso á universidade.

⦿ Consideracións relativas á corrección lingüística en Bacharelato

Nas probas escritas poderá descontarse ata un 20% da cualificación por erros ortográficos e gramaticais. Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Tipos de erros:

- **Moi graves** (desconto 0,2 puntos cada un): solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.
- **Graves** (desconto 0,1 puntos cada un): solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *rodilla... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.

- **Leves** (desconto 0,05 puntos cada un): solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h...), acentuación non diacrítica, contraccións etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).

⊙ Consideracións relativas á actitude durante as probas

A superación dos exames deberá obterse de forma lícita. Polo tanto, o feito de copiar nun exame, colaborar activamente para que un compañeiro/a copie, levar teléfono móbil, auriculares, *chuletas* (aínda que non sexan usados) ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos, suporá a retirada inmediata do citado exame, obtendo unha cualificación de 0 puntos.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL

	ADQUIRE COMPLETAMENTE (4)	LOGRA (3)	PROGRESA (2)	PRECISA APOIO (1)
ADECUACIÓN	Coñece as diferenzas entre discursos formais e espontáneos e desenvólvese correctamente e no rexistro adecuado. Emprega diversas fórmulas de cortesía, saúdo e despedida.	Utiliza o rexistro adecuado á intención comunicativa e ao contexto, con algunha dificultade.	Coñece as diferenzas entre discursos formais e espontáneos, pero ten dificultades para adecuarse á situación.	Ten dificultades para distinguir entre discursos formais e espontáneos e utiliza un rexistro totalmente inadecuado.
COHERENCIA	Presenta as ideas con orde e de xeito claro e coherente.	Presenta as ideas de xeito claro e coherente, con algunha excepción.	A presentación de ideas é clara e correcta, con algunhas excepcións.	Presenta as ideas de xeito desordenado e incoherente.
COHESIÓN	Emprega diferentes conectores e evita as repeticións.	Emprega diferentes conectores.	Emprega algúns conectores textuais.	Presenta discursos incoherentes.
CORRECCIÓN	Respecta as normas morfosintácticas (en especial a colocación do pronome átono), así como a fonética galega, e utiliza léxico adecuado.	Comete algún erro de pronuncia ou na colocación dos pronomes; corrixe os castelanismos.	Comete algúns erros de pronuncia ou na colocación dos pronomes.	Comete moitos erros morfosintácticos e de pronuncia.
PRONUNCIA E FLUIDEZ	Exprésase con fluidez e respecta as regras prosódicas e fonéticas do galego. Pronuncia de xeito adecuado as sete vogais, o <i>n</i> velar e o fonema fricativo palatal xordo.	Exprésase con fluidez e pronuncia de xeito adecuado, con algún erro.	Exprésase con progresiva fluidez e pronuncia de xeito adecuado, con algúns erros.	Carece de fluidez e pronuncia de xeito inadecuado.
RIQUEZA LÉXICA	Presenta riqueza léxica, emprega vocabulario estudado na clase e usa expresións propias do galego.	Incorpora algúns termos estudados na clase e usa algunha expresión propia do galego.	Utiliza algún termo estudado na clase.	Presenta pobreza léxica.

ASPECTOS PROSÓDICOS	Fai un uso consciente dos elementos prosódicos (pronuncia axeitada, pausas, ton, timbre e volume).	Emprega conscientemente os elementos prosódicos (pronuncia, ton, timbre e volume), con algunha excepción.	Ten dificultades para controlar o volume de voz e non usa conscientemente os outros elementos prosódicos.	Obvia o coidado dos elementos prosódicos nas súas intervencións.
LINGUAXE NON VERBAL	Fai un uso consciente e adecuado da linguaxe non verbal (os xestos e a mirada).	Ten algunha dificultade para manexar a súa linguaxe non verbal, pero fai un uso consciente desta.	Fai un uso consciente dos xestos e a mirada, con moitas dificultades.	Descoida totalmente a linguaxe non verbal.
ESCOITA ACTIVA	Posúe habilidades de escoita activa. Mantén unha actitude respectuosa e atenta ante as intervencións alleas e comenta as contribucións dos interlocutores.	Desenvolve habilidades de escoita activa. Mantén unha actitude respectuosa e atenta ante as intervencións alleas.	Mantén unha actitude correcta ante as intervencións alleas, con algunha excepción.	Adopta unha actitude xeralmente incorrecta e irrespectuosa ante as intervencións alleas.
RESPECTO ÁS NORMAS DE INTERACCIÓN	Respecta sempre as normas de interacción e cortesía. Intervén na súa quenda, respecta e valora as opinións alleas e rexeita e evita a linguaxe discriminatoria.	Respecta sempre as normas de interacción. Intervén na quenda que lle corresponde e evita a linguaxe discriminatoria.	Intervén na súa quenda, con algunha excepción.	Non respecta, polo xeral, as normas de interacción.
ARGUMENTACIÓN	Desenvolve argumentos de forma clara, comprensible e coherente e cinguese ao tema.	Desenvolve argumentos de forma lóxica e comprensible e cinguese ao tema, con algunha excepción.	Desenvolve argumentos de forma lóxica e comprensible, con algunhas excepcións, e divaga nalgún punto.	Os argumentos carecen de lóxica e desenvolvemento e tende á divagación.
DEFENSA DA SÚA POSTURA	Defende a súa postura mostrando autoconfianza, sentido crítico, capacidade de diálogo e tolerancia cara ás opinións alleas.	Defende a súa postura mostrando autoconfianza e certa capacidade de diálogo.	Defende a súa postura mostrando autoconfianza.	Non defende a súa postura ou faino de xeito irreflexivo e intolerante.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DA EXPRESIÓN ORAL PLANIFICADA

	ADQUIRE COMPLETAMENTE (4)	LOGRA (3)	PROGRESA (2)	PRECISA APOIO (1)
PLANIFICACIÓN	Elabora guións para organizar os contidos, aplica técnicas e estratexias estudadas na clase e practica en voz alta.	Elabora guións para organizar os contidos, trata de aplicar técnicas e practica en voz alta.	Elabora guións para organizar os contidos.	Non planifica a súa exposición.

ADECUACIÓN	Coñece as diferenzas entre discursos formais e espontáneos, adecúa a pronuncia á finalidade da práctica oral e incorpora palabras do rexistro formal. Adapta o tempo da exposición convenientemente.	Adecúa a súa pronuncia e léxico á finalidade da práctica oral, con algunha dificultade. Adapta o tempo da exposición, de maneira aproximada.	Coñece as diferenzas entre discursos formais e espontáneos, pero ten dificultades para adecuarse á situación, así como ao tempo esixido.	Ten dificultades para distinguir entre discursos formais e espontáneos, utiliza un rexistro totalmente inadecuado e o tempo é excesivo ou insuficiente.
COHERENCIA	A selección e ordenación de ideas é axeitada e a exposición consta de presentación, desenvolvemento e conclusión.	A ordenación de ideas é correcta, pero a exposición carece de presentación ou conclusión.	Ordena as ideas, pero presenta algúns fallos e non segue a estrutura adecuada.	Presenta as ideas de xeito desordenado e incoherente e a exposición carece de estrutura.
COHESIÓN	Emprega diversos conectores e evita as repeticións.	Emprega diferentes conectores.	Emprega algúns conectores textuais.	Presenta un discurso inconexo.
CORRECCIÓN	Respecta as normas morfosintácticas (en especial a colocación do pronome átono), así como a fonética galega, e utiliza léxico adecuado.	Comete algúns erros de pronuncia ou na colocación dos pronomes; corrixe os castellanismos.	Comete algúns erros de pronuncia ou na colocación dos pronomes.	Comete moitos erros morfosintácticos e de pronuncia.
PRONUNCIA E FLUIDEZ	Exprésase con fluidez e respecta as regras prosódicas e fonéticas do galego. Pronuncia de xeito adecuado as sete vogais, o <i>n</i> velar e o fonema fricativo palatal xordo.	Exprésase con fluidez e pronuncia de xeito adecuado, con algún erro.	Exprésase con progresiva fluidez e pronuncia de xeito adecuado, con algúns erros.	Carece de fluidez e pronuncia de xeito inadecuado.
RIQUEZA LÉXICA	Incorpora léxico formal estudado na clase; emprega expresións propias do galego e evita o uso de coloquialismos e palabras <i>comodin</i> .	Incorpora léxico formal estudado na clase e emprega algunhas expresións propias do galego.	Incorpora algún termo formal estudado na clase.	Presenta pobreza léxica.
LINGUAXE NON VERBAL	Fai uso da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada).	Ten algunhas dificultades para manexar a súa linguaxe non verbal, pero fai un uso consciente desta e coida a posta en escena.	Coida a posta en escena, pero non fai un uso consciente dos xestos e a mirada.	Descoida totalmente a linguaxe non verbal.
AUTOCONTROL DAS EMOCIÓNS	Manifesta certo autocontrol das emocións ao falar en público e dirixese ao auditorio con seguridade e autoconfianza.	Manifesta autocontrol das emocións ao longo da exposición, con algunhas excepcións.	Ten dificultades en canto ao autocontrol das emocións, pero progresa e remata a exposición.	A falta de control das emocións impídelle rematar a exposición.
CONTIDO	Domina o tema e trátalo de forma orixinal, xerando interese. Utiliza exemplos para facilitar a comprensión.	Domina o tema e trátalo de forma correcta. Utiliza algún exemplo para facilitar a comprensión.	Domina o tema e trátalo de forma correcta, pero non utiliza exemplos.	Non domina o tema ou trátalo de xeito inadecuado.
PRESENTACIÓN	Acompaña a exposición con soportes audiovisuais e emprégoas de xeito fluído.	Emprega un programa informático para acompañar a exposición, con algunha dificultade na coordinación.	Emprega un programa informático, pero ten moitas dificultades para manexalo durante a exposición.	Non utiliza soportes audiovisuais.

RÚBRICA PARA A AVALIACIÓN DO TRABALLO DIARIO

	SATISFACTORIO (100%-70%)	BÁSICO (70 % - 40 %)	ESCASO (40 % - 0 %)
<p>Participación na aula</p> <p>[Atención, conduta disruptiva, material de traballo, puntualidade...]</p> <p>[0,50 ptos.]</p>	<p>Segue sempre con atención e interese as explicacións do profesor. Mostra unha actitude positiva cara á materia, participando no desenvolvemento das actividades.</p> <p>Amosa unha actitude colaborativa e de respecto. Nunca ten actitude disruptiva.</p> <p>[0,50 - 0,35]</p>	<p>Non sempre segue con atención e interese as explicacións do profesor. A súa actitude é pouco activa e participativa: non acostuma participar no desenvolvemento das actividades.</p> <p>En varias ocasións distraese ou fala cos compañeiros/as.</p> <p>Amosa unha actitude de respecto e colaborativa. Case nunca lle hai que chamar a atención pola súa actitude disruptiva.</p> <p>[0,35 - 0,20]</p>	<p>Só en ocasións segue con atención e interese as explicacións do profesor. A súa actitude acostuma ser pasiva en relación con ditas explicacións. Adoita distraerse ou falar cos compañeiros/as. Nalgunha ocasión estivo traballando outra materia.</p> <p>Ás veces non amosa unha actitude de respecto e colaborativa. É habitual a súa actitude disruptiva, e houbo que chamarlle a atención varias veces ao longo do trimestre por interromper as clases.</p> <p>[0,20 - 0]</p>
<p>Traballo</p> <p>[Realización en prazo das tarefas encomendadas, actividades no caderno ao día, traballo diario na aula e na casa...]</p> <p>[0,50 ptos.]</p>	<p>Sempre ten o material necesario (libro, caderno...). Realiza as tarefas indicadas na aula, intentando sempre aproveitar o tempo dispoñible.</p> <p>Acostuma responder correctamente as preguntas formuladas polo profesor.</p> <p>Realiza sempre as tarefas indicadas para a casa, cumprindo os prazos indicados.</p> <p>[0,50 - 0,35]</p>	<p>En ocasións non trae o material necesario e/ou non sempre realiza as tarefas indicadas na aula con aproveitamento.</p> <p>Só en ocasións responde correctamente as preguntas formuladas polo profesor.</p> <p>Non sempre realiza as tarefas indicadas para a casa, ou non as fai nos prazos indicados.</p> <p>[0,35 - 0,20]</p>	<p>Non acostuma aproveitar o tempo dispoñible na aula para a realización das tarefas indicadas.</p> <p>Case nunca responde as preguntas formuladas polo profesor, ou non o fai correctamente.</p> <p>Só en ocasións realiza as tarefas indicadas para a casa.</p> <p>[0,20 - 0]</p>
	<p>A case total ausencia dos aspectos sinalados na primeira columna ou o abandono manifesto da materia implicarán unha nota de 0 ptos.</p>		
Cualificación			

9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O proceso de ensino-aprendizaxe é dinámico e participativo. Como docentes temos que dispor de instrumentos que nos permitan ir calibrando e reaxustando as nosas debilidades e fortalezas e aqueles aspectos que o necesiten, un control permanente da calidade co fin de mellorar o proceso.

Para avalialo, cómpre realizar unha recollida sistemática de información. Para iso describiremos unha listaxe de indicadores de logro que nos permitirán observar o avance do proceso, o cumprimento da programación e a práctica docente. Este traballo de reflexión sobre o proceso de ensino e a práctica docente permitiranos:

- Diagnosticar os puntos fortes e débiles.
- Coñecer o punto de partida do alumnado, facilitando a adaptación do currículo e a toma de decisións respecto á organización da programación.
- Regular a aprendizaxe do alumnado, a metodoloxía, o nivel de esixencia, a cantidade de contidos... en función do desenvolvemento acadado polo alumno/a.
- Prever ou estimar os rendementos e desempeños do alumnado.
- Reconducir os distintos elementos da formación en función do progreso do alumno/a.
- Atender ás esixencias da Administración no seguimento e control da práctica docente.
- Introducir propostas de mellora.

Como instrumento para avaliar o proceso de ensino-aprendizaxe, temos unha escala de valoración descritiva de carácter trimestral:

O PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE		
INDICADORES DE LOGRO	VALORACIÓN	PROPOSTA DE MELLORA
1. Realízase a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.		
2. Detéctanse os coñecementos previos de cada unidade didáctica.		
3. Revisanse con frecuencia os traballos propostos na aula e fóra dela.		
4. Proporcionase a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas.		
5. Corríxense e explícanse de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado, e danse pautas para a mellora das súas aprendizaxes.		
6. Utilízanse suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.		
7. Favorécense os procesos de autoavaliación e coavaliación.		
8. Propóñense novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.		
9. Propóñense novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.		

10. Utilízanse diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes etc.		
11. Empréganse diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais e nais.		

Podemos complementar a análise con este instrumento, unha escala numérica:

O PROCESO DE ENSINO - APRENDIZAXE				
INDICADORES DE LOGRO	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender o alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Déuselle un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Esta escala pode servirnos para coñecer como docentes a diversidade da aula antes do comezo das clases.

ESCALA PARA AVALIAR A DIVERSIDADE				
[1 = nunca; 2 = ás veces; 3 = normalmente; 4 = sempre]	1	2	3	4
Que fago para coñecer a composición da clase.				
Pasar unha proba ao comezo do curso escolar.				
Ler os informes anteriores.				
Ver os resultados da avaliación.				
Facilitama o xefa de estudos.				
Facilitanma nas reunións de grupo.				
Consúltoa directamente no Xade.				

Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos etc.				
A miña programación ten en conta a diversidade.				
Doulle a cada alumno/a a explicación que precisa.				
No grupo grande.				
No grupo pequeno.				
De forma individual.				
Propoño exercicios de diferente nivel en cada unidade e cada exame.				
Teño en conta ao alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).				
OBSERVACIÓNS:				

A práctica docente pode avaliarse ademais con estes indicadores de logro:

A PRÁCTICA DOCENTE				
INDICADORES DE LOGRO	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécenselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas, traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. O profesorado implícase nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo etc. están vinculadas aos estándares.				

17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				
--	--	--	--	--

Na seguinte táboa, o alumnado poden avaliar a práctica docente. Trátase dunha escala de valoración numérica combinada con valoracións descritivas, de carácter trimestral:

ESCALA PARA QUE O ALUMNADO AVALÍE A PRÁCTICA DOCENTE										
MATERIA:		/ Trimestre:		/ CURSO:		/ SEXO: Muller <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/>				
Valora de 0 a 9		1	2	3	4	5	6	7	8	9
1	O profesor/a domina a materia.									
2	É xusto/a nas cualificacións.									
3	Relaciona a materia con cuestións do teu interese.									
4	Dá oportunidade para presentar dúbidas.									
5	Favorece a participación na clase.									
6	Esperta a curiosidade do alumnado.									
7	Motiva a aprender.									
8	Parece interesado e ilusionado pola súa materia.									
9	Fomenta a colaboración entre os compañeiros.									
10	Trátase dun profesor ou profesora con personalidade.									
11	Ten unha boa opinión do grupo.									
O que máis me gustou do trimestre foi...										
O que menos me gustou do trimestre foi...										

10. PLAN DE SUPERACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

Aqueles alumnos/as que promocionaron ao curso seguinte pero non aprobaron a materia de Lingua Galega e Literatura serán obxecto, ao longo do curso, dun seguimento levado a cabo polo profesor ou profesora do Departamento que imparta a materia no grupo ao que pertence o alumno/a.

Este profesor ou profesora informará ao alumnado sobre:

- as diferentes vías para aprobar a materia pendente,
- quen vai ser o/a responsable da avaliación,
- que contidos se van esixir,
- que actividades concretas debe realizar e en que prazos,
- cales son as datas previstas para a realización das probas.

10.1. Alumnado da ESO coa materia pendente

Aqueles alumnos e alumnas da ESO que teñan a materia pendente dun curso anterior poderán superala por medio dalgún dos procedementos seguintes:

1. Realización dunha proba parcial en cada avaliación

En cada avaliación, o profesor/a entregalle ao alumnado que teña coa materia pendente nos grupos en que imparte docencia material de traballo tomando como base os obxectivos, estándares de aprendizaxe e mínimos esixibles indicados na correspondente programación de cada nivel. O alumnado realizará este traballo, que será supervisado periodicamente polo profesor/a.

Finalmente, o alumnado realizará unha proba escrita baseada nas actividades realizadas previamente. A nota final será a cualificación media das tres probas; considérase a materia aprobada se se acada un mínimo de 5 puntos.

- 2. Aprobando as dúas primeiras avaliacións do curso actual.** Posto que esta materia ten, aínda que non plenamente si maioritariamente, contidos progresivos, aquel alumnado que aprobe as dúas primeiras avaliacións do seu curso actual, considerárase que tamén aprobou a materia pendente. A cualificación será a media das cualificacións obtidas nesas dúas avaliacións.
- 3. Asistindo ás clases de reforzo para a recuperación das materias pendentes fóra do horario lectivo da ESO.** Este programa de reforzo está atendido por profesorado do departamento, que se coordina cos profesores/as dos distintos niveis. A avaliación farase dentro do programa realizando probas ao longo do trimestre.
- 4. Exame final.** En caso de non aprobar a materia polas anteriores vías, o alumnado poderá realizar a correspondente proba final, establecida pola xefatura de estudos. Considerárase aprobada a materia pendente se se acada un mínimo de 5 puntos.

10.2. Alumnado de Bacharelato coa materia pendente

O alumnado de 2º de Bacharelato coa materia pendente de 1º curso poderá superar esta materia mediante os seguintes procedementos:

- 1. Realización dunha proba parcial en cada avaliación.** O alumnado realizará un exame escrito en cada avaliación. A nota final será a cualificación media das tres probas (tendo

en conta a nota real de cada avaliación e non a ponderada); considérase aprobada a materia pendente se se acada un mínimo de 5 puntos.

2. **Aprobando as dúas primeiras avaliacións do curso actual.** Posto que esta materia ten, aínda que non plenamente si maioritariamente, contidos progresivos, aquel alumnado que supere a materia de Lingua Galega e Literatura de 2º Bacharelato na primeira e na segunda avaliación considerárase que tamén aprobou a materia pendente de 1º Bacharelato. A cualificación será a media das cualificacións obtidas nesas dúas avaliacións.
3. **Convocatoria extraordinaria.** No caso de non aprobar a materia polas anteriores vías, o alumnado poderá presentarse a unha proba extraordinaria. Considérase aprobada a materia pendente se se acada nesta proba un mínimo de 5 puntos.

11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Nas primeiras semanas do curso realizarase unha proba ou unha observación sistemática na aula para a avaliación inicial, co obxectivo de verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso, para saber cal é a situación media da aula e para detectar posibles necesidades de reforzo, apoio ou outras medidas.

Así mesmo, tamén nas primeiras semanas, o Departamento de Orientación convoca o profesorado de cada curso a unha sesión de avaliación inicial: posta en común de informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesorado, información recadada na avaliación inicial de cada materia etc.

Estas dúas medidas axudan a coñecer o perfil de cada grupo e a detectar dificultades individuais ou colectivas merecedoras de medidas axeitadas.

AVALIACIÓN INICIAL DEPARTAMENTO LINGUA GALEGA E LITERATURA		
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS	TEMPORIZACIÓN
Observación sistemática	Escalas de observación. Listas de control. Diario de clase.	Desde o inicio do curso ata a reunión de <i>avaliación inicial</i>
Probas específicas	Probas obxectivas con diferente grao de dificultade en función do curso.	1ª semana do curso
Cuestionarios	Con preguntas pechadas e abertas para coñecer os seus hábitos lingüísticos.	Durante o primeiro trimestre
Cuestionarios	Con preguntas pechadas e abertas para coñecer hábitos, afeccións, potencialidades.	Durante o primeiro trimestre
Análise dos resultados da <i>avaliación inicial</i>	Reunión co Departamento de Orientación. Avaliación, titor/a e grupo de profesores.	No primeiro trimestre

Información ás familias	Reunión individual para os casos concretos e solicitude do seu consentimento.	No primeiro trimestre
-------------------------	---	-----------------------

Canto ao modelo desta avaliación inicial, no Departamento de Lingua Galega e Literatura emprégase un tipo de proba bastante semellante en todos os cursos; dado que a aprendizaxe dunha lingua progresa en espiral, os contidos, as competencias e os obxectivos para cada un dos cursos só se distinguirán no grao de profundidade en que sexan traballados polo docente e no grao de autonomía que deberá mostrar o alumnado. Así pois, na proba cambia o grao de dificultade en relación ao nivel de aprendizaxe no que se atopa cada alumno/a e acostuma constar, basicamente, de dúas partes:

- avaliación da competencia comunicativa: actividades de comprensión e expresión a partir dun texto (habitualmente escrito, pero tamén pode ser oral);
- preguntas sinxelas sobre contidos impartidos nos cursos anteriores: cuestións gramaticais, lingua e sociedade e literatura.

A avaliación inicial deberá servir, entre outras cousas, para detectar cales das catro destrezas lingüísticas básicas (entender, falar, ler e escribir) son as máis deficitarias e darlles prioridade no desenvolvemento do currículo.

12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Neste apartado establecerase de que xeito se atenderá a diversidade na aula, entendendo como tal non só alumnado con NEAE (Necesidades Específicas de Apoio Educativo) ou NEE (Necesidades Educativas Especiais), senón o feito de atender a cada alumno/a segundo as súas características persoais.

Descrición do grupo despois da avaliación inicial

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión, habemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse a relativa a:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar os alumnos e as alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Necesidades individuais

A avaliación inicial facilítanos non só coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos nosos estudantes. A partir dela poderemos:

- Identificar os alumnos e alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe. (Débese ter en conta aquel alumnado con necesidades educativas, con altas capacidades e con necesidades non diagnosticadas, pero que requiran atención específica por estar en risco, pola súa historia familiar etc.).
- Saber as medidas organizativas a adoptar. (Planificación de reforzos, situación de espazos, xestión de tempos grupais para favorecer a intervención individual).
- Establecer conclusións sobre as medidas curriculares a adoptar, así como sobre os recursos que se van empregar.
- Analizar o modelo de seguimento que se vai utilizar con cada un deles.
- Acoutar o intervalo de tempo e o modo en que se van avaliar os progresos destes estudantes.
- Fixar o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe, especialmente co titor ou titora e coa orientadora do centro.

Para un correcto diagnóstico da diversidade e para poder atender as distintas necesidades de forma correcta, servirémonos de distintos recursos como as seguintes ferramentas para o tratamento da diversidade:

1. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DE DIVERSIDADE INDIVIDUAL

ALUMNO/A:		GRUPO:	
TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCCIÓN
DIVERSIDADE NA COMPRENSIÓN	Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.	
	Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.	
	Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.	
DIVERSIDADE DE CAPACITACIÓN E DESENVOLVEMENTO	Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.	
	Ten pequenas dificultades.	Propoñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva de acordo ás capacidades que se vaian adquirindo.	
	Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas de acordo ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos esixidos.	
	Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.	

ALUMNO/A:		GRUPO:	
TRATAMENTO DA DIVERSIDADE INDIVIDUAL		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DIVERSIDADE DE INTERESE E MOTIVACIÓN	O seu interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.	
	Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedementais e próximas á súa realidade.	
DIVERSIDADE NA RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS	Encontra solucións aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.	
	Encontra solucións aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.	Propoñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.	
	Ten dificultades para resolver problemas nas situacións que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.	
DIVERSIDADE NA COMUNICACIÓN	Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e a escrita.	
	Ten algunha dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.	
	Ten dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.	

2. RÚBRICA PARA AVALIAR O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
DE COMUNICACIÓN	A comunicación profesor/a - grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.	
	A comunicación profesor/a - grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.	
	A comunicación profesor/a - grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e propoñer medidas que as minimicen.	
DE INTERESE E MOTIVACIÓN	O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.	

TRATAMENTO DA DIVERSIDADE NO GRUPO		MEDIDAS PARA A DIVERSIDADE	GRAO DE CONSECUCIÓN
	O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e propoñer medidas que as minimicen.	
DE ACTITUDE E COLABORACIÓN	O grupo ten boa actitude e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.	
	Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.	
	O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias etc. para minimizar esas actitudes.	

13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

Segundo o establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se regula o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, os elementos transversais que se deben traballar a través de todas as materias son os seguintes:

- Comprensión lectora.
- Expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Tecnoloxías da información e da comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

Deste xeito, ademais dos contidos específicos da materia de Lingua Galega e Literatura, o departamento contribuirá á formación integral do alumnado mediante actividades que desenvolvan aspectos transversais fundamentais para a aprendizaxe en valores esenciais. Os temas transversais serán tratados en textos de natureza diversa que serán analizados ao longo do curso e poderán tamén servir de punto de partida para reflexións persoais expostas por escrito ou ben diálogos e debates orais durante a clase. Tamén se poderá partir doutros materiais audiovisuais que, referíndose ao currículo da nosa materia, teñan relación con algún dos temas da transversalidade.

O profesorado será sempre claro referente na dirección ética axeitada que se deba adoptar en cada caso, sen menosprezo da liberdade de pensamento que, dentro dos límites do razoábel, poidan presentar os alumnos e alumnas e corruxará aquelas actitudes e opinións que considere lesivas para os valores como a igualdade, a responsabilidade, a solidariedade e a tolerancia.

Intentaremos lograr, entre outros, os seguintes obxectivos:

- Tomar conciencia das situacións de desigualdade económica, cultural, relixiosa, lingüística do mundo entendendo que, máis que un mal inevitábel, son realidades que se poden cambiar.

- Analizar as causas dos conflitos no mundo, tanto a nivel de relacións interpersoais como a nivel de Estados. Aprender a importancia de resolver as discrepancias a través do diálogo, o respecto e a tolerancia.
- Valorar as linguas como medios de comunicación en pé de igualdade e insistir na importancia de que todas elas, así como os seus falantes, gocen dos mesmos dereitos.
- Fomentar o interese por coñecer outras culturas diferentes da nosa. Aprender a respectalas e a valoralas.
- Fomentar o respecto polo medio ambiente e adquirir hábitos que contribúan á súa conservación.
- Identificar e corrixir as actitudes que resulten discriminatorias ou ofensivas coas mulleres. Eliminar os compoñentes sexistas no uso da lingua
- Aprender a vivir a propia sexualidade con responsabilidade e madurez, respectando as opcións e comportamentos sexuais dos demais
- Gozar dos períodos de lecer con actividades que enriquezan a persoa (lectura, música, deporte, contacto coa natureza...), usando a diversión procedente da tecnoloxía (televisión, internet, consolas de videoxogos...) de maneira responsábel e moderada.
- Entender a importancia de estar ben informados dos aspectos máis relevantes da sociedade e mostrar unha actitude crítica ante as mensaxes procedentes dos medios de comunicación.

Un dos obxectivos da nosa área é o desenvolvemento do pensamento crítico do alumno/a. Este pensamento crítico debe contextualizarse na realidade da sociedade galega; neste sentido, a técnica do comentario crítico, a elaboración de artigos e informes tras a investigación dun determinado asunto na prensa,ponse tamén ao servizo do tratamento dos temas transversais.

14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Sobre as actividades complementarias e extraescolares aínda non podemos ofrecer o suficiente detalle, pois en moitos casos dependemos de factores externos. Ofreceremos a nosa colaboración ao Equipo da Biblioteca, ao Equipo de Dinamización da Lingua Galega, así como á Vicedirección do centro na organización de actividades relacionadas coa nosa materia.

Actividades complementarias

Estas actividades estarán centradas na investigación arredor da lingua, da cultura, da historia e das tradicións: Día de Rosalía, Día da Poesía, actividades relacionadas coa celebración do Día das Letras Galegas...

Actividades extraescolares

Algunhas das actividades que se poidan desenvolver ao longo do curso dependerán do interese do alumnado ou do seu custo. Entre outras posibilidades, sinalamos as seguintes:

- Visita ao Museo do Pobo Galego e á Cidade da Cultura (Santiago de Compostela).
- Ruta rosaliana: Casa-Museo de Rosalía (Padrón), Panteón de Galegos Ilustres (Santiago de Compostela)...
- Visita a Rianxo: Casa Museo de Manuel Antonio, Roteiro Castelao.
- Asistencia a representacións teatrais, segundo a oferta das diferentes compañías ou das institucións: Centro Dramático Galego, Concello de Vilagarcía etc.

- Asistencia a sesións de contacontos, conferencias, charlas con axentes sociais etc. sobre temas de interese para a materia en particular e para a cultura e a arte galegas en xeral.
- Visualización de cine en galego.

15. ACTIVIDADES DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR DO CENTRO

A lectura de obras literarias é un recurso moi importante para a aprendizaxe lingüística (desenvolvemento da comprensión e da expresión, adquisición de vocabulario, corrección gramatical etc.), pero ante todo debemos fomentar que o alumnado lea con pracer na nosa lingua, pois o encontro coa literatura é tamén un camiño para encontrarse coa lingua. Con este obxectivo, en cada nivel determinarase unha obra de lectura obrigada en cada trimestre, e a súa avaliación aparece contemplada nos criterios de cualificación de cada nivel.

Ademais, co mesmo obxectivo de fomentar a lectura entre o alumnado, proporase unha relación de lecturas voluntarias por niveis. Estas lecturas poden ser propostas tanto polo profesorado como polo alumnado. Unha vez acordada a lectura entre o profesor/a e o alumno/a, porase un prazo para a lectura e acordarase o instrumento de avaliación: un traballo escrito, unha exposición oral ou algún traballo vinculado ás TIC (presentación, videocreación...). Estas lecturas poderán incrementar a nota final de cada avaliación: outorgarase ata 0'50 puntos por lectura, permitíndose ata un máximo de 1 punto en cada avaliación.

Así pois, as actividades fundamentais vinculadas ao Proxecto lector son:

- Lectura de tres obras literarias, como mínimo, en cada curso de ESO e Bacharelato; o alumno/a debe demostrar a súa lectura comprensiva a través de probas escritas ou orais, ou ben a través da elaboración dun traballo.
- Lecturas voluntarias, que serán tidas en conta na cualificación da avaliación.
- Fomento da participación en certames literarios que se poidan convocar dentro do centro ou externos.
- Fomento da participación no club de lectura do centro.
- Achegamento ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, tanto dentro da aula coma noutras actividades interdisciplinares, para que o alumnado coñeza e valore a figura escollida.

Cada alumno/a deberá ler, como mínimo, unha obra literaria en cada trimestre, que poderá escollerá entre as da seguinte listaxe, aínda que tamén poderá elixir outras se o profesor/a as considera axeitadas:

1º ESO

Corredora, de María Reimóndez (Xerais)

Contos por palabras, de Agustín Fernández Paz (Xerais)

A casa do medo, de Agustín Fernández Paz (Rodeira)

Chamádeme Simbad, de Francisco Castro (Galaxia)

Todo o tempo do mundo, de David Pérez Iglesias (Xerais)

Denébola a Roxa, de Héctor Cajaraville (Baía)

Cando petan na porta pola noite, de Xabier P. Docampo (Xerais)

Usha, de María Reimóndez (Xerais)

Volvo! O regreso de Usha, de María Reimóndez (Xerais)
Kafka e a boneca viaxeira, de Jordi Sierra i Fabra (Galaxia)
O rapaz do vestido, de David Wallians (Sushi Books)
A avoa gánster, de David Wallians (Sushi Books)

2º ESO

Cartas de inverno, de Agustín Fernández Paz (Xerais)
Cando petan na porta pola noite, de Xabier P. Docampo (Xerais)
Iridium, de Francisco Castro (Galaxia)
Tristes armas, de Marina Mayoral (Xerais)
As Lágrimas de Shiva, de César Mallorquí (Rodeira)
Mentira, de Care Santos (Rodeira)
Verdade, de Care Santos (Rodeira)
Tras a sombra do bruxo, de Francisco Díaz Valladares (Rodeira)
O diario violeta de Carlota, de Gemma Lienas (Galaxia)
Poetízate, de Fran Alonso (Xerais)

3º ESO

O corazón de Xúpiter, de Leticia Costas (Xerais)
Pel de lobo, de Xosé Miranda (Xerais)
O que sei do silencio, de Andrea Maceiras (Xerais)
A caixiña dos rancores, de Héctor Cajaraville (Xerais)
A neve interminable, de Agustín Fernández Paz (Xerais)
22 segundos, de Eva Mejuto (Xerais)
O cemiterio de barcos, de Francisco Castro (Galaxia)
Penúltimas tendencias, de Carlos Negro (Xerais)

4º ESO

Be water, de Antía Yáñez (Cuarto de Inverno)
Corredores de sombra, de Agustín Fernández Paz (Xerais)
Noite de voraces sombras, de Agustín Fernández Paz (Xerais)
Aire negro, de Agustín Fernández Paz (Xerais)
Os nenos da variola, de María Solar (Galaxia)
Europa Express, de Andrea Maceira (Xerais)
Instrucións para tomar café, de Manuel Núñez Singala (Galaxia)
As palabras feridas, de Jordi Sierra i Fabra (Galaxia)
Durmido sobre os espellos, de Jordi Sierra i Fabra (Galaxia)
Palabras envelenadas, de Maite Carranza (Rodeira)
Cousas, de Castelao (Galaxia)
Os rapaces non calcetan, de T. S. Easton (Sushi Books)
A síndrome de Bergerac, de Pablo Gutiérrez (Rodeira)
Aplicación instantánea, de Carlos Negro (Xerais)

1º BACH.

Ollos de auga, de Domingo Villar (Galaxia)
A praia dos afogados, de Domingo Villar (Galaxia)

Golpes de luz, de Leticia Costas (Xerais)
A memoria da choiva, de Pedro Feijoo (Xerais)
As horas roubadas, de María Solar (Xerais)
Palabras envelenadas, de Maite Carranza (Rodeira)
A arte de trobar, de Santiago Lopo (Xerais)
Flores de ferro, de María Rei Vilas (Galaxia)
Masculino singular, de Carlos Negro (Xerais)

2º BACH.

OBRAS «CLÁSICAS»

A fiestra valdeira, de Rafael Dieste (Galaxia)
Dos arquivos do trasno, de Rafael Dieste (Galaxia)
Retrincos e Un ollo de vidro, de Castelao (Galaxia)
A esmorga, de Eduardo Blanco Amor (Galaxia)
Os biosbardos, de Eduardo Blanco Amor (Galaxia)
Os outros feirantes, de Álvaro Cunqueiro (Galaxia)
Memorias dun neno labrego, de Xosé Neira Vilas (Galaxia)
Vento ferido, de Carlos Casares (Galaxia)
O crepúsculo e as formigas, de X. L. Méndez Ferrín (Xerais)

OBRAS DA LITERATURA ACTUAL

Narrativa

Non hai noite tan longa, de Agustín Fernández Paz (Xerais)
A memoria da choiva, de Pedro Feijoo (Xerais)
As rulas de Bakunin, de Antón Riveiro Coello (Galaxia)
Erros e Tánatos, de Gonzalo Navaza (Xerais)
O lapis do carpinteiro, de Manuel Rivas (Xerais)
Made in Galiza, de Sechu Sende (Galaxia)
Infamia, de Leticia Costas (Xerais)
Amor é unha palabra coma outra calquera, de Francisco Castro (Galaxia)
Virtudes (e misterios), de Xesús Fraga (Galaxia)

Poesía

Masculino singular, de Carlos Negro (Xerais)
Baleas e baleas, de Luísa Castro (Galaxia)
Feliz Idade, de Olga Novo (Faktoría K de Libros)
Terraza, de Fran Alonso (Xerais)

Ensaio

En galego, por que non?, de Manuel Núñez Singala (Galaxia)
Isto si é un home, de Francisco Castro (Galaxia)
Ám@me, de Chis Oliveira e Amada Traba (Galaxia)
Contra todo isto, de Manuel Rivas (Xerais)

Teatro

Unha corrente salvaxe / Historia dunha descoñecida, de Raúl Dans (Laivento)

16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A avaliación da programación didáctica é un dos aspectos fundamentais do traballo docente, xa que permite determinar con exactitude os puntos fracos e as fortalezas do traballo desenvolto ao longo de todo un curso académico.

A axeitada posta en marcha de mecanismos de avaliación da programación propiciará unha mellora do traballo nas aulas. Con todo, debemos ter en conta que metodoloxías, materiais, recursos ou actividades que funcionan durante un curso poden non facelo no seguinte. Para minimizar estes inconvenientes, debemos contar cun amplo repertorio de recursos e apoiarnos en metodoloxías que permitan as adaptacións curriculares que sexan precisas.

Á hora de avaliarmos o cumprimento da programación, debemos considerar unha serie de indicadores de logro que teñan en conta como mínimo os seguintes elementos: obxectivos, contidos, consecución dos estándares de aprendizaxe, contribución aos obxectivos xerais da etapa, contribución ao desenvolvemento das competencias clave, procedementos e instrumentos de avaliación, factores que favoreceron o cumprimento da programación e causas de non cumprimento, reflexión sobre as posibles situacións imprevistas acontecidas ao longo do curso e propostas de mellora.

Modelo de avaliación da programación didáctica

Docente:		Curso e grupo:		
	Puntos fortes da programación	Puntos mellorables da programación	Aspectos a manter no próximo curso	Aspectos a mellorar no próximo curso
Cumprimento dos obxectivos xerais da programación				
Desenvolvemento das unidades didácticas				
Desenvolvemento das actividades programadas				
Funcionamento das metodoloxías aplicadas				
Utilización de recursos e materiais didácticos				
Consecución dos estándares de aprendizaxe				
Funcionamento dos procedementos de avaliación				
Pertinencia dos instrumentos de avaliación				
Eficacia das medidas de recuperación				

Contribución ao desenvolvemento das competencias clave				
Contribución ao desenvolvemento dos obxectivos xerais de etapa				
Dinámica do grupo				
Participación en actividades extraescolares e complementarias				
Medidas de atención á diversidade				
Favorecemento da multidisciplinariedade				
Favorecemento do tratamento integrado de linguas				
Factores que favoreceron o cumprimento da programación				
Causas de non cumprimento da programación				

Anexos

I. COMENTARIO DE TEXTOS 1º Bach. (materia de libre configuración do centro)

INTRODUCCIÓN

Comentarios de textos é unha materia de libre disposición do centro, que se imparte en 1º de Bacharelato, como alternativa á materia de Relixión. Conta cunha carga horaria de unha sesión lectiva semanal. O seu obxectivo inmediato é dotar o alumnado das destrezas necesarias para interpretar e analizar distintos tipos de textos, literarios e non literarios, o que contribuirá á súa preparación para superar a proba de acceso á Universidade no curso seguinte. En última instancia, esta materia pretende contribuír á formación dunha cidadanía crítica, competente e coa maturidade precisa para afrontar o ensino superior.

A análise práctica, tanto no plano formal coma no conceptual, será o eixo vertebrador de todos os contidos. Abordarase nun primeiro momento a comprensión e interpretación textual facendo especial fincapé naqueles aspectos relacionados coa percepción do sentido último do texto e coa información esencial deste. Posteriormente traballarase a produción propia; nesta fase incidirase na didáctica da escritura, ensinándolle ao alumnado as técnicas básicas do proceso e impulsando, así mesmo, as súas habilidades creativas.

CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DE COMPETENCIAS CLAVE

As competencias clave, ou «saber facer», aplícanse a unha gran variedade de contextos académicos, sociais e profesionais.

Admitindo que na ensinanza de análise de textos predomina o carácter instrumental, é necesario recoñecer a estreita relación entre esta área e a adquisición da maioría das sete competencias clave identificadas pola Unión Europea:

- Comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Espírito de iniciativa e espírito emprendedor.
- Sensibilización e expresións culturais.

O currículo da materia Comentario de textos contribúe decisivamente ao desenvolvemento de todos os aspectos que compoñen a competencia en comunicación lingüística. Alén diso, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade de converter a lingua en obxecto de observación, aínda que se adquiren nunha lingua, son transferidos e aplicados á aprendizaxe doutras. Esta aprendizaxe contribúe, á vez, a mellorar a competencia sobre o uso de linguaxe en xeral. Aprende a falar, escoitar, ler e escribir, para comunicarse cos outros, mais tamén a adquirir novos coñecementos. A linguaxe, alén de ferramenta de comunicación, é un medio para representar o mundo e é a base do pensamento e do coñecemento. O acceso ao saber e á construción de coñecementos a través da linguaxe está directamente relacionado coa competencia Aprender a aprender.

Por outra parte, aprender a técnica de análise comentario de textos tamén é aprender a analizar e resolver problemas, deseñar plans e emprender procesos de toma de decisións, xa que unha das funcións da linguaxe é regular e dirixir a nosa propia actividade. Polo tanto, a adquisición de competencias relacionadas coa análise e comentario de textos contribúe ao progreso no sentido de iniciativa persoal e á regulación da actividade con autonomía progresiva (competencia de Sentido de iniciativa e espírito emprendedor).

A materia contribúe ao tratamento da información e á competencia dixital ao ter como un dos seus obxectivos proporcionar coñecementos e habilidades para a busca e selección de información relevante de acordo con necesidades diferentes, así como para a súa reutilización na produción de textos propios. A procura e selección de moitas destas informacións vai esixir, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet; a realización guiada destas investigacións proporcionará, polo tanto, un medio para o desenvolvemento da competencia dixital. Isto está apoiado polo feito de que o currículo inclúe o uso de soportes electrónicos na composición de textos de forma que poden ser abordadas máis eficazmente algunhas operacións implicadas no proceso de escritura (planificación, elaboración, revisión) e que constitúen un dos contidos básicos do tema. Tamén favorece o desenvolvemento desta competencia nesta área o uso de novos medios dixitais como un recurso didáctico en canto implican un uso social e colaborativo de escritura e coñecemento.

Esta materia contribúe tamén de forma decisiva ao desenvolvemento de competencias sociais e cívicas, entendida como un conxunto de competencias e habilidades de relación, convivencia, respecto e comprensión entre as persoas. En realidade, aprender a analizar e comentar os textos é aprender a comunicarse cos outros, para entender o que eles transmiten e achegarse a outras realidades. Tamén contribúe a materia a esta competición na medida en que os modos polos que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, a fin de axudar a erradicar os usos discriminatorios da linguaxe.

Lectura, interpretación e valoración de textos de distintos tipos son esenciais para o desenvolvemento da competencia Conciencia e expresións culturais; neste sentido, procurarase que os textos que se traballen na aula traten temas relacionados coas distintas culturas do mundo.

DISTRIBUCIÓN E SECUENCIACIÓN DOS CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Lectura comprensiva do texto <ul style="list-style-type: none"> - Técnicas de subliñado • Esquema • Tema, título e resumo • Tipoloxía textual: os textos expositivos e argumentativos
2ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Propiedades textuais <ul style="list-style-type: none"> - Adecuación, coherencia, cohesión - Intencionalidade • Estrutura • Argumentación • Organización das ideas no discurso

3ª AVALIACIÓN	<ul style="list-style-type: none"> • Planificación do discurso <ul style="list-style-type: none"> - Produción de ideas - O guión • Organización da información • Introducción e conclusión • Técnicas de argumentación
----------------------	---

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado concéntrase en tres puntos:

1. **Avaliación inicial**, que determinará os coñecementos previos e, en consecuencia, o punto de partida. Realizarase a través dunha proba inicial e mais da observación directa na aula.
2. **O desenvolvemento continuo e progresivo do proceso de aprendizaxe**, a partir de tarefas planificadas que se desenvolverán ao longo do curso sobre aspectos traballados nas sesións presenciais. O reducido número de alumnos/as permite a observación directa do seu progreso, así como a atención personalizada e a revisión individual de tarefas.
3. **Probas ou traballos escritos** ao remate de cada trimestre, para medir os resultados acadados polo grupo en cada unha das avaliacións.

O carácter progresivo, acumulativo e reiterativo da aprendizaxe da materia fai que a avaliación do alumnado deba centrarse nos progresos que vaia realizando durante todo o curso. A avaliación final do curso deberá medir o grao de dominio das competencias clave. No caso de un alumno/a non acadar o grao mínimo de realización de competencias clave, o profesorado pode realizar unha proba de recuperación de toda a materia, que se aterá aos criterios de cualificación establecidos.

A avaliación do alumnado farase mediante os seguintes instrumentos:

- Valoración da asistencia, dilixencia, atención e participación na aula.
- Observación do traballo desenvolvido na casa e na aula. O alumnado debe respectar os prazos de realización e entrega de exercicios e traballos e debe dispor do material necesario para o aproveitamento da aula.
- Comprobación, por medio de probas ou traballos específicos, dos coñecementos adquiridos sobre a materia. As probas serán elaboradas de modo que permitan aplicar os criterios de avaliación establecidos e comprobar o grao de adquisición das competencias clave.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Obxectivos	Contidos	Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo consecución (%)	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 1. O texto como unidade de comunicación							
b, d, e, g, m	As propiedades do texto Adecuación, coherencia, cohesión Intencionalidade Estrutura do texto	- Identificar os mecanismos de cohesión dun texto (recorrendo, substitución, conectores, marcadores discursivos) - Valorar a linguaxe oral e escrita como medios eficaces de comunicación interpersonal, a adquisición de novos coñecementos, a comprensión e análise da realidade e a organización racional das ideas.	- Identifica o mecanismo de recorrencia nun texto. - Recoñece os distintos procedementos de substitución nun texto. - Identifica o mecanismo de elipse nun texto. - Recoñece a función dos diferentes tipos de conectores e marcadores do discurso. - Interpreta correctamente a simplicaturas dun enunciado. - Valora a lingua oral e escrita como medios eficaces de comunicación interpersonal, a adquisición de novos coñecementos, a comprensión e análise da realidade e a organización racional das ideas.	60% 60% 60%	Lectura comprensiva Producción de textos	Observación directa Cartafol de aula Proba escrita	A comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito empresarial. Sensibilidade e expresión cultural.
Bloque 2. Tipoloxía textual							
b, d, e, g, m	Tipoloxía textual: os textos expositivos e argumentativos	-Comprender o concepto de xénero discursivo. -Clasificar os textos segundo o ámbito de uso, a área de coñecemento, o modo de expresión e a modalidade textual.	-Entende o concepto de xénero discursivo. -Clasifica os textos segundo o seu ámbito de uso, de coñecemento e modo de expresión. -Clasifica os textos segundo a modalidade textual.	50% 50% 50%	Lectura comprensiva Producción de textos de distintas modalidades Comentario crítico de textos	Observación directa Cartafol de aula Proba escrita	A comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Obxectivos	Contidos	Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo consecución (%)	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 3. A exposición e a argumentación							
b, d, e, g, m	Organización das ideas no texto. A argumentación. Técnicas de argumentación.	-Recoñecer os distintos tipos de exposicións e os procedementos e trazos lingüísticos característicos desta modalidade. -Recoñecer os distintos tipos de argumentacións e identificar a estrutura e trazos lingüísticos desta modalidade. -Recoñecer os distintos tipos de argumentos con que se pode defender ou rebater unha idea.	-Recoñece os distintos tipos de exposicións. -Diferencia os procedementos propios da exposición. -Identifica os trazos lingüísticos característicos da exposición. -Recoñece os distintos tipos de argumentacións. -Establece a estrutura argumentativa dun texto. -Identifica os trazos lingüísticos característicos do argumento.	50% 50% 40% 50% 50%	Lectura comprensiva Elaboración detextos argumentativos e expositivo-argumentativos Comentario crítico de textos	Observación directa Cartafol deaula Proba escrita	A comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e civicas. Conciencia e expresión cultural.
Bloque 4. Análise de textos argumentativos e expositivo-argumentativos							
b, d, e, g, m	Lectura comprensiva do texto Técnicas de subliñado: ideas principais e secundarias Esquema Tema, título e resumo	-Expressar con brevidade e coas súas propias palabras o contido do texto. -Distinguir a idea principal e as secundarias. -Analizar a estrutura organizativa do texto. -Utilizar sistematicamente os coñecementos sobre a lingua e o seu uso na comprensión e análise de textos, así como a composición e revisión dos mesmos, empregando a terminoloxía axeitada. -Identificar o tema dun texto.	-Expressa con brevidade e coas súas propias palabras o contido do texto. -Identifica correctamente o tema, a tese e os argumentos utilizados no texto. -Distingue a idea principal e secundarias. -Recoñece a relación entre as partes do texto.	50% 50% 50% 50%	Lectura activa Elaboración de esquemas e resumos	Observación directa Cartafol de aula Proba escrita	A comunicación lingüística. Aprender a aprender. Conciencia e expresión cultural.

CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

Obxectivos	Contidos	Criterio de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis	Grao mínimo consecución (%)	Procedementos de avaliación	Instrumentos de avaliación	Competencias clave
Bloque 5. A produción textual. O comentario crítico.							
b, d, e, g, h, n, p	Planificación do discurso Producción de ideas O guión Organización da información Introdución e conclusión	-Interpretar correctamente o sentido do texto e a súa intención. -Completar, matizar ou rebater o dito no texto con argumentos propios, evitando a paráfrase do mesmo. -Propoñer solucións ou alternativas para os temas formulados. -Redactar de forma ordenada e coherente, con boa presentación.	-Interpreta correctamente o sentido do texto e a súa intención. -Non se limita a repetir o dito no texto, isto é, a paráfrasealo. -Completa, matiza ou rebate o dito no texto con argumentos propios. -Suxire ou propón solucións ou alternativas para os temas formulados.	50% 40% 40%	Lectura activa Elaboración de esquemas e resumos Elaboración de textos argumentativos e expositivo-argumentativos Análise e comentario dun texto	Observación directa Cartafol de aula Proba escrita	A comunicación lingüística. Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas. Conciencia e expresión cultural.

METODOLOXÍA

A análise crítica de textos, tanto no plano formal coma no conceptual, será o eixo vertebrador dos contidos. Levarase a cabo unha aprendizaxe significativa, práctica e deductiva, na que a alumna/o sexa o elemento central da aprendizaxe.

A metodoloxía de Comentario de Textos baséase na proposta de pautas simples que lle permiten ao alumnado realizar unha lectura comprensiva, determinar o tema, realizar unha síntese e elaborar un comentario persoal sobre un texto proposto. O obxectivo final é que os discentes escriban os seus propios comentarios, polo que é moi importante elixir textos acordes cos seus intereses que garantan a participación activa e, en consecuencia, favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe.

Traballarase especialmente con artigos xornalísticos de opinión, de tipo argumentativo ou expositivo-argumentativo.

É conveniente que sexan abordados unha variedade de temas de interese para a xuventude: tabaquismo, medio ambiente, novas tecnoloxías, deportes, drogas, emigración, lingua, violencia de xénero... O tratamento destas cuestións é particularmente interesante, non só porque proporciona información sobre temas actuais, senón tamén porque o alumnado aprende a analizar con profundidade os temas tanto dende o punto de vista lingüístico coma do tratamento dos seus contidos.

MATERIAIS E RECURSOS

- Dicionarios en liña.
- Material de reprografía: a natureza da materia e a propia concepción metodolóxica imponen o uso constante dunha variedade de textos para a súa análise e comentario, que serán reprografiados.
- Vídeos didácticos, documentais e outro material audiovisual.
- Canón de proxección multimedia e aplicacións informáticas.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Traballo na aula: 50% da nota de cada trimestre. Esta porcentaxe obtense mediante a observación directa do alumnado e da recollida de tarefas.
- Proba ou traballo escrito: 50% da nota de cada trimestre. O alumnado deberá dar conta dos contidos estudados nese trimestre nunha proba ou traballo, segundo o acordado.

A avaliación é continua, polo que se valorará positivamente o progreso da alumna/o ao longo do curso. Os contidos que se suspenderon nunha avaliación poden ser recuperados ao longo do curso. O alumnado que supere as tres avaliacións aprobará o curso. A súa nota final é a media das tres avaliacións parciais. Se un estudante suspende unha ou dúas avaliacións mais ten un desenvolvemento positivo e recupera a materia suspensa, tamén aproba o curso. Se un estudante suspende a terceira avaliación tendo aprobado as anteriores, poderá aprobar sempre que a nota media das tres avaliacións sexa cinco puntos. En calquera caso, para poder aprobar, o alumno/a debe obter unha puntuación media de 5 puntos.

Na convocatoria extraordinaria proporase unha proba escrita con preguntas sobre os contidos estudados. O exame será avaliado sobre 10 puntos. Aprobarán aquelas persoas que obteñan unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

INDICADORES DE RENDEMENTO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE E A PRÁCTICA DOCENTE

Resulta útil unha ficha en que se recollen os aspectos avaliáveis da actividade docente. En primeiro lugar a profesora e, ao final do curso, o grupo de alumnos/as da materia, farán unha reflexión conxunta e unha investigación sobre o labor docente. A ficha é a seguinte:

	1	2	3	4
1. Deseño diferentes actividades de aprendizaxe para acadar cada un dos obxectivos.				
2. Motivo os meus alumnos/as comunicando os obxectivos que quero acadar e a finalidade das actividades, partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informando da utilidade e creando expectativas.				
3. Emprego metodoloxías que favorecen o desenvolvemento dunha actitude positiva do alumno/a, e que teña en conta os seus intereses.				
4. Propoño actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma (procura de información, traballos, investigación...).				
5. Cando iniciamos unha unidade ou un novo tema, os alumnos/as coñecen: os obxectivos e as competencias que queren desenvolver, diferentes actividades para desenvolver, como se avalían...				
6. As actividades están relacionadas con situacións da vida real.				
7. En función das características de cada alumno/a, presento diferentes tarefas e logros.				
8. Propoño varias metodoloxías.				
9. Utilización de recursos e materiais variados para a aprendizaxe da materia: materiais manipulables, audiovisual, material impreso...				

DESEÑO DA AVALIACIÓN E MEDIDAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIA DOS RESULTADOS

É fundamental ter, desde o inicio do curso, un coñecemento o máis profundo posible do nivel académico do alumnado, tanto individualmente coma en grupo. Para iso, é esencial realizar unha proba de avaliación inicial.

Durante a primeira semana de clase pasarase ao alumnado unha proba escrita para medir o nivel de coñecementos, competencias e habilidades que posúen no referente á análise e comentario crítico de textos. Deberán analizar un texto con preguntas guiadas que permitan avaliar o seu grao de comprensión, interpretación e comentario crítico.

Analizaranse os resultados e, se for preciso, adoptaranse medidas para fortalecer aqueles alumnos/as que non teñan o nivel básico desexable para abordar o desenvolvemento curricular.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade do estudantado será un elemento central das decisións metodolóxicas

adoptadas para este curso. O número reducido de alumnado (11 alumnos no grupo de 1º A-B e 8 alumnos no grupo de C-D), permite coñecer dende o principio as súas características e axustarse a elas combinando estratexias, métodos, técnicas, recursos e organización de espazos e tempos que faciliten a adquisición dos estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A atención ás diferenzas individuais canto a motivacións, intereses, capacidades e estilos de aprendizaxe están contemplados pola combinación de metodoloxías, actividades e tarefas propostas; a combinación de linguaxes e soportes, a posibilidade de articular diferentes itinerarios..., elementos todos orientados a atender as necesidades de aprendizaxe de cada alumno/a e para permitir o seu desenvolvemento individual. Para atender os diferentes ritmos de aprendizaxe, contéplanse actividades específicas de reforzo e ampliación destinadas a mellorar as posibilidades de acadar os obxectivos educativos nesta etapa.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SON TRABALLADOS

A materia Comentario de Textos inclúe unha serie de contidos que son transversais nas distintas disciplinas, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas delas: a comprensión de lectura, expresión oral e escrita, comunicación audiovisual, información e tecnoloxía de comunicación, emprendedores e educación cívica e constitucional. De modo xeral establécense as seguintes liñas de actuación:

- A comprensión lectora e expresión oral e escrita constitúen un obxectivo fundamental da disciplina, e eríxense na base principal da actividade do alumnado, que se centran na lectura de textos humanistas, xornalísticos etc., así como na produción de textos de carácter expositivo-argumentativo.
- O uso da tecnoloxía da información e comunicación é entendida non só como un soporte para certos compoñentes e ferramentas de aplicación na aula, como tamén pola súa función básica para a personalización da aprendizaxe, polas súas innúmeras posibilidades didácticas, e pola conexión cos hábitos e experiencias das novas xeracións de estudantes.

Alén diso, como a base desta materia é a lectura e interpretación de textos que tratan cuestións de interese permanente ou relacionados coa sociedade de hoxe, constitúen unha achega tan fundamental para reflexionar e tentar promover valores como a consideración da dignidade de todos humanos (racismo, inmigración...), o respecto polas tradicións como parte do patrimonio de todos os pobos e toda a humanidade, o voluntariado, o consumo responsable e respecto ao medio ambiente, tabaquismo, dependencia de drogas, deportes...

II. RETÓRICA E DIALÉCTICA 2º Bach. (materia de libre configuración do centro)

INTRODUCCIÓN

A teoría da argumentación é actualmente un campo de estudo no que viñeron atoparse e fecundarse mutuamente contribucións e desenvolvementos procedentes de diversas tradicións e disciplinas, desde a lóxica ou a filosofía da linguaxe ata a retórica, pasando pola lingüística, a análise do discurso ou as ciencias da comunicación.

O seu centro de atención é o discurso argumentativo: unha conversa na que tratamos de dar conta e razón de algo a alguén (sexo un interlocutor, sexo un grupo ou un auditorio determinado ou o público en xeral) e diante de alguén (por exemplo, diante dun tribunal ou dun xurado, ou diante dunha instancia académica ou, en fin, diante dalgunha sorte de árbitro informal ou institucional), co fin de lograr a súa comprensión e o seu asentimento.

O obxectivo xeral é estudar os argumentos acreditados como sólidos ou ben fundados e, en xeral, a boa argumentación á luz dos criterios e as normas que propoñen as perspectivas tradicionais sobre o campo: a perspectiva lóxica, a perspectiva dialéctica e a perspectiva retórica.

A programación desta materia persegue que o alumnado adquiera as competencias que lle permitan integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos. E tamén que sexa capaz de crear documentación lexibles, completas e tecnicamente correctas.

A materia de Retórica e Dialéctica impártese en 2º de Bacharelato e ten unha carga horaria de 1h semanal.

OBXECTIVOS

1. Coñecer os fundamentos da Retórica e a súa evolución histórica de cara a entendela como un poderoso instrumento comunicativo fundamental nas relacións humanas de todo tipo.
2. Coñecer as operacións de elaboración dun discurso e a súa estrutura e ter presentes as funcións que se pretenden conseguir con el.
3. Coñecer as principais figuras retóricas e identificalas en textos literarios e non literarios, de cara a poder utilizar estes recursos en textos de elaboración propia e relacionalos coa súa intencionalidade: comunicativa, estética, persuasiva.
4. Desenvolver a capacidade crítica do alumnado ante as mensaxes da sociedade de cara a conseguir que sexa capaz de identificar a súa intencionalidade.
5. Elaborar presentacións orais de maneira estruturada e coherente e que cumpran a intencionalidade do emisor a partir dos coñecementos teóricos adquiridos.
6. Elaborar textos escritos de carácter persuasivo ben estruturados, coherentes, cohesionados e ortograficamente correctos, onde se argumenten con respecto as ideas contrarias.

7. Elaborar textos, literarios ou non literarios, usando os recursos literarios cunha finalidade concreta segundo as funcións da linguaxe e tendo en conta a finalidade comunicativa e a influencia que pretendemos conseguir no receptor.
8. Argumentar de forma coherente e respectuosa e poder discrepar diante dun pequeno ou gran grupo.
9. Potenciar a capacidade para realizar unha lectura activa, crítica e coherente de textos de diferentes tipos: literarios e non literarios.
10. escoitar e respectar as opinións dos demais.

COMPETENCIAS

A finalidade última desta materia xira ao redor da adquisición de varias competencias que, de se conseguiren desenvolver os obxectivos marcados, deberían estar perfectamente adquiridas ao finalizar o curso. Estas competencias serían:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL), ao potenciar a mellora das destrezas comunicativas, tanto escrita como oral.
2. Competencias persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA), xa que se fixa como obxectivo a participación eficaz e construtiva do alumnado na vida social e profesional.
3. Competencia emprendedora (CE), ao incentivar unha actitude proactiva nas relacións.

CONTIDOS

1. Historia da Retórica. Que é. Como evolucionou. Como se entende hoxe.
2. A comunicación. Os elementos da comunicación e a súa relación co discurso.
3. As funcións da linguaxe.
4. Os recursos retóricos:
 - Fónicos.
 - Morfolóxicos.
 - Sintácticos.
 - Semánticos (tropos).
 - Pragmáticos.
5. O texto. As propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
6. Estudo das tipoloxías textuais: Textos orais e escritos. Os textos expositivos e argumentativos. O texto publicitario e a retórica na linguaxe audiovisual.
7. As variedades da lingua. Os rexistros lingüísticos.
8. Os textos escritos: as normas ortográficas.
9. Aspectos gramaticais e léxico-semánticos: O léxico. A connotación e a denotación. Os campos semánticos e as familias léxicas. Sintaxe.
10. Os textos orais: lectura comprensiva e dicción correcta.
11. O discurso: Falar en público:
 - Cualidades do bo orador.
 - Adecuación do discurso as circunstancias : público, lugar, horario.
 - Actitudes ante o público.
 - Linguaxe corporal e imaxe.
 - Medios de comunicación.

METODOLOXÍA

Esta materia é optativa e ten unha carga horaria dunha hora lectiva á semana. A materia é densa, mais a finalidade é que o alumnado acade os obxectivos.

A parte teórica, tanto de teoría lingüística como literaria, será mínima e complementaria. É importante sinalar que a maior parte desta materia xa non é nova para os alumnos e as alumnas porque se desenvolve nas materias de Lingua e Literatura. Por tanto, centrarémonos, sobre todo, na práctica con textos para analizar e na elaboración dos propios.

Haberá actividades que se realizarán na aula e outras que serán desenvolvidas de maneira autónoma e ou grupal por parte do alumnado fóra do horario lectivo. Entre outros, estarán os contidos teóricos sobre os que se darán directrices de guía.

Convén sinalar que haberá unha parte importante das horas do curso dedicadas ás exposicións dos temas elaborados por parte do alumnado, entre as que se incluírá algún debate que implique a todo o grupo.

As revisións dos textos, tanto dos escritos como daqueles que vaian dirixidos a realizar unha exposición oral, deberán ser corrixidos por parte dos alumnos e das alumnas coa axuda de diferentes medios: o/a propio/a alumno/a, coa axuda doutro compañeiro ou compañeira, coa axuda de medios materiais (dicionarios, gramáticas, ordenadores...) ou do/a profesor/a.

Tamén se lle prestará atención á procura de información por parte dos alumnos e das alumnas, tanto a través do uso de medios informáticos (Internet), como na busca en bibliotecas, persoas da súa contorna, persoas doutras contornas alleas á súa...

Estas actividades serán valoradas como traballo en grupo en canto á participación e á orixinalidade.

DISTRIBUCIÓN DOS CONTIDOS

1ª avaliación

Contidos do 1 ao 4 de maneira teórica e práctica, tanto oral como escrito.

2ª avaliación

Contidos do 5 ao 8 de maneira teórica e práctica, tanto oral como escrito.

3ª avaliación

Contidos do 9 ao 11 de maneira teórica e práctica, tanto oral como escrito.

MECANISMOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación realizarase a partir de:

- Exposicións orais individuais ou en grupo: 40%.
 - Exercicios prácticos escritos con aplicación da teoría vista na clase: 30%.
 - Participación activa na clase: 30%.
- Exposicións orais individuais ou en grupo (40%). De cara a fomentar unha participación activa na materia proporase a realización dun mínimo dunha exposición oral planificada por trimestre. Estas exposicións poderán ser individuais ou en grupo, con diferentes formatos (como, por exemplo, o debate). Valoraranse a adecuación ao guión presentado e a orixinalidade das ideas e dos temas, así como a actitude ante a exposición, a determinación e a adecuación formal da persoa á hora de presentarse en público segundo as pautas dadas

ao respecto. Ademais, terase en conta positivamente a aplicación práctica dos contidos teóricos vistos na clase.

- **Exercicios prácticos escritos con aplicación da teoría vista na clase (30%).** Ao longo do trimestre corríxanse, ademais, dous exercicios escritos que o alumnado deberá entregar. Nestes traballos avaliarase que estean ben estruturados e reflexionados os temas que se traten, así como a corrección lingüística, a entrega en tempo, a coherencia da redacción, a presentación formal e a ortografía. Estes exercicios poderán servir nalgún caso de axuda para as posteriores exposicións orais. Coa realización destes exercicios avaliaranse os conceptos básicos de carácter teórico analizados na clase, o que nos permitirá verificar a asimilación dos conceptos teóricos máis alá da súa simple memorización.

Como lle corresponde a unha materia de lingua, na nota destas probas terá un peso importante a correcta ortografía e sintaxe, para alén da coherencia, cohesión e adecuación do escrito. Os criterios en relación coa corrección ortográfica e gramatical son os mesmos que rexen na materia de Lingua Galega e Literatura de 2º Bacharelato:

Nas probas escritas poderá descontarse ata un 20% da cualificación da devandita proba por erros ortográficos e gramaticais. Unha palabra escrita incorrectamente de forma reiterada só se contabilizará unha vez. Isto non é aplicable á incorrecta colocación dos pronomes, ao emprego de tempos compostos nin á acentuación diacrítica.

Tipos de erros:

- **Moi graves** (desconto 0,2 puntos cada un): solucións alleas ao estándar no nivel morfolóxico e sintáctico, por exemplo o uso de tempos compostos ou a incorrecta colocación dos clíticos. Tamén se considerarán faltas moi graves outro tipo de erros sintácticos, como por exemplo os anacolutos.
 - **Graves** (desconto 0,1 puntos cada un): solucións alleas ao estándar no nivel léxico, por exemplo o emprego de formas como *silla, *hasta ou *rodilla... Tamén se considerará falta grave a incorrecta acentuación diacrítica.
 - **Leves** (desconto 0,05 puntos cada un): solucións ortográficas contrarias ao estándar vixente (b/v, h...), acentuación non diacrítica, contraccións etc. Cada dous erros deste tipo descontan, polo tanto, unha décima (0,1).
- **Participación activa na clase (30%).** A participación activa na clase terase en conta, tanto as producidas de forma espontánea como cando o/a profesor/a o requira. Serán moi positivas as participacións relevantes e moi negativas aquelas que teñan como finalidade molestar, atrasar ou interromper os membros da clase. Ao longo do curso farase un seguimento das actividades encomendadas e valorarase positivamente a súa realización.

Por norma xeral, todos os traballos presentados deberán ser sempre orixinais e penalizarase o plaxio coa súa eliminación para seren avaliados. Xunto á exposición do tema, deberá facilitarse a bibliografía empregada para a elaboración dos traballos.

Dado o pouco tempo de que dispón a materia, será moi importante a asistencia á clase e levarase un estrito control das faltas, que serán sempre debidamente xustificadas. Cando as asistencias estean sen xustificar, o alumnado poderá ter unha avaliación negativa na parte traballada nesas ausencias, polo que terá que presentar os exercicios que a profesora ou profesor lle encomende para recuperar esa parte.

Se un alumno ou alumna, por motivos diversos, non superase a materia durante o curso, deberá presentarse a unha proba final (ordinaria ou extraordinaria) que consistirá nunha parte teórica e outra práctica na que deberá plasmar o coñecemento da materia impartida ao longo do curso. Esta proba será valorada nun 40% a parte teórica e nun 60% a parte práctica. Serán avaliábeis os criterios de coherencia, cohesión e ortografía da proba.

MATERIAIS

Utilizaranse os materiais que facilite a profesora (tanto en papel como a través da aula virtual), e os que elaboren os propios alumnos e alumnas a partir da bibliografía facilitada, busca na biblioteca, materiais encontrados na rede...

Estes materiais poderán ser presentados en formatos diferentes, tanto textos como materiais audiovisuais (fotos, vídeos, gráficos, carteis, publicidade...).

Vilagarcía de Arousa, setembro de 2022